‘Camiños no Tempo’ se inserta en la edición de hoy, por méritos irrenunciables. Se trata de un encantador manojito de poemas –de carácter narrativo– excelentemente editados. Algunos, muy escasos, son inéditos; la inmensa mayoría son versos ya conocidos: recuerdos de hechos viejos, leyendas armoricanas, antiguas historias célticas, gozosas narraciones, cuentos de siempre. Cuatro partes integran el bello volumen ‘Dos verdes castros’, ‘As hedras do castelo’, ‘A lúa no adro’ e ‘O quentor do lar’. Un conciso y delicado prólogo introduce al lector en el encanto de estas páginas. No es, ciertamente, el libro, todo Cabanillas. Pero aquí está su acento, su ley inconfundibles.

Complace releer amorosa y morosamente, los poemas de ‘Cabanillas no tempo’. Vienen a continuar hoy la profunda melodía, cuyo arranque lleva fecha ya muy pasada. Un alma de excepción rompió esa lejana fecha a cantar. Desde entonces Ramón Cabanillas no se movió –ya es sabido– del mismo plano: su labor creadora cruza siempre por los mismos puntos. Es verdad que rompía, cuando le daba la gana todos los metros; y volvía cuando se le antojaba, a la preceptiva, renovando de gracia nueva lo antiguo. Nunca dejó de seguir la personal pauta de un verso singular. Hace poco me decía que ha sentido el gran rubor de ya no ser joven. Tan bueno es y tan sencillom que se ha creído extemporáneo. Y es algo mucho más alto, mucho más firme; atemporal.

En estos poemas, tan oportunamente reeditados, hay pasajes en los que el verso de Cabanillas conquista cimas ardientes de sublimidad. Su mayor encanto quizá sea esa fución de elementos épicos y líricos, de jucundas imaginaciones, de curiosas leyendas, de imágenes en llama, de cordiales ondas... El libre juego del espíritu del poeta alcanza en esta poesía una ágil expresión.

El raquíctico se pasa la vida –también su vida poética– buscando perfiles que disimulen su dudosa totalidad. Cabanillas, por el contrario, se nos sentó siempre de cara. Viene a nosotros con la ingenuidad de un hombre que las Aduanas poéticas – nada tiene que ocultar. El, para robustecer la obra poética, no hizo otra cosa que afinar su sensibilidad...

Hoym adentrado de lleno en el campo de la senectud, trabaja con pare-

jo entusiasmo al que presidió su labor de mocedad. Y resulta grato –extraordinariamente grato– cómo entre el bullicio de los nuevos poetas, se escucha la ahora serena voz de Cabanillas. La melodía prosigue sin solución de continuidad. Al margen de lo voluble y apresurado, el hilo de la voz sigue desarrollándose, hasta que se quiebre el instrumento.

Publicado o once de febreiro de 1950 en *La Noche*.

Ante a pintura de Díaz Pardo

Creemos que Galicia, a la hora actual, posee un plantel de pintores buenos, interesantes. Se trata de un grupo de artistas originales, y con personalidad. Sin dejar de ser gallegos, pretenden, estos pintores, vivir en la hora del mundo. Su obra vale, ante todo, por su potencia inventiva, por sus virtudes puramente plásticas. Al margen, claro está, de cualquier rapsodia falsamente tradicional; exenta de pintoresquismo y de fáciles halagos.

Sin embargo, algunos de estos pintores —buenos pintores!— crean su arte fuera del ámbito de las inquietudes gallegas. Hablamos así porque entendemos que en el arte hay algo más que su verdad formal; algo más que la sincera adscripción a un mundo de hallazgos plásticos y cromáticos. Para nosotros, lo gallego puede estar en la forma con que estos elementos se encauzan y prosperan en la tela; en el trasfondo que simbolizan; en la tierra que aclaran o en el nuevo universo que descubren. Es en tal realidad donde pretendemos hallar la última raíz de una pintura nuestra; en su adscripción a un paisaje, a una historia tanto personal como colectiva. De todos modos, siempre sucede que la obra encuentra su fuerza en la pura acentuación de carácter; en lo local universal; en el alumbraamiento de cosas muy sentidas y experimentadas.

Lo primero, para ello, es que el pintor sea un enamorado de Galicia, de sus esencias características, de su paisaje o de sus singularidades humanas de vida. Todo esto, ciertamente, fue antes que la pintura; pero debe vivir, sumergirse en ella, para darle sentido y corazón. El arte, con ritmo del tiempo, ha de fluir hacia ciertos estratos oscuros y diferenciales de lo nuestro, donde desaparecen anécdotas y hechos; donde queda tan sólo una pesada gravidez indiscernible, un temblor de sangre, un silencio a veces. La anécdota del cuadro no será más que el vehículo para que esa honda sustancia se manifieste. Y así, por esta senda habrá de hallarse lo que para nosotros puede ser la pintura gallega.

Todo esto se nos ocurría cuando entrábamos en la viguesa Sala Velázquez para admirar los más recientes lienzos de Isaac Díaz Pardo. Y a seguido de ello se nos venían a las mentes otras sugerencias en diverso orden de cosas. Pensábamos que la cámara fotográfica nos ha acostumbrado a un lucido detallismo que, en su exploración del objeto, llega a un momento en que nos hace olvidar su último sentido. La pintura, forzosa-mente, tenía que hacerse eco de este fenómeno. Por lo demás, el buen pintor vence al tópico; y así, todos los grandes creadores de belleza han sabido crear una nueva belleza sobre la belleza antigua.

Vencida esta digresión introductiva, nos hallamos ya, sin prejuicios, ante los lienzos que Isaac Díaz Pardo expone en Vigo. Lo primero que sobrecoge nuestra atención, en ese cuadro de composición, de amplias dimensiones, que llena el testero de la Sala. En otros lugares del recinto cuelgan varios estudios previos, que nos hablan de la génesis y desarrollo del amplio óleo. Se titula 'El fin del mundo', y refleja una intención monumental de masas y de asunto. Parece como si en su creación el artista se hallase poseído de una singular fiebre visionaria; como si se sintiese animado por un íntimo sacudimiento.

Observamos despaciosamente este lienzo y otros lienzos de características semejantes. Hay un sombrío patetismo animando actitudes de trágico abandono; hay obsesionantes miradas alucinadas; abortas expresiones fisionómicas; visajes de estupor, de desolación. ¿Y qué, nos dicen esos ojos de alcance dislocado, que viven una vida independiente en el alma de algunas figuras? Se nos antoja que el pintor tiene un concepto del mundo, amargo y desencantado; y este concepto pretende informar el sentido de su arte.

Contrastamos ahora la obra expuesta por el artista con la de anteriores exposiciones suyas. La artesanía técnica utilizada sigue siendo, en el fondo, de filiación clásica. Antes, el color sucumbía al claroscuro, la línea a los efectos de composición, la pincelada castigada al brochazo violento. Ahora se ha operado una crisis en los principios formativos del pintor. Se debate contra las fórmulas académicas; busca una elocuencia trágica a su dibujo, lo crispa, introduce en él elementos expresivos que no tenía.

No adolecen ya las gamas de Díaz Pardo, de aquella agria oxidación

que caracterizó su labor precedente. Entran en juego, en sus nuevos cuadros, colores firmes, e incluso violentos, que contrastan en el conjunto de la composición. No hay tampoco aquella severa disciplina que imponía a su oficio aquella insistente elaboración que apagaba la fuerza expresiva. Hay, en cambio, un anhelo inquieto, de búsqueda afanosa. Por algo Díaz Pardo pertenece a la línea de artistas descontentos, fructuosamente insatisfechos. Su arte consiguiera felices realizaciones dentro de una dimensión más aceptada de la pintura, pero ahora, con plena conciencia, vira juiciosamente dando cara a nuevos experimentos.

Contemplemos cualquiera de sus lienzos, salvo algunos que se hallan todavía vinculados al pasado "hacer" pictórico. El artista ha puesto en ellos una inspiración calculada; una obligada ambición por emanciparse de influencias, y para formación profesional poco común, rigor técnico y evidente capacidad como pintor. Así, toda su producción se muestra trabajada con irreprochable factura. Sintoniando con ella, revélase una tensión dramática. La que siente el artista por encontrarse a sí mismo, y que acusa en él una evidente personalidad.

Cuando abandonamos la Sala Velázquez pensamos en que Isaac Díaz Pardo pudiera prestar una interesante contribución a la formación de la "pintura gallega". Para eso habrá de mostrar una fidelidad mayor a la esencia de su pueblo, y una representación de lo contemporáneo, más directa y sencilla. El buen pintor que Díaz Pardo es, puede hacerlo, y el arte de Galicia habrá de agradecerse.

O Pórtico de Mateo

En la colección 'Obradoiro', de la Editorial *Bibliófilos Gallegos*, acaba de publicarse un pequeño volumen —primero de la serie— sobre el Pórtico de la Gloria. Ante nuestra mirada discurre una sucesión de bellas láminas, que alcanza el número de cuarenta y ocho. En ellas se nos ofrece una visión entera —a través de aspectos parciales— de lo que el Pórtico es. El contenido de este breve libro —complementario de lo artístico con lo literario— nos invita a meditar sobre un glorioso pasado humano. Al fin y al cabo, las piedras, los monumentos, nos hablan de una poderosa tradición espiritual. Es, precisamente, esa tradición, la que los hizo llegar hasta nosotros, tan densamente poblados de ecos...

Repasando estas páginas, estamos situados ante el Santiago medieval, de la época heroica de las peregrinaciones. Tal es el Santiago más evocador; aquel cuyas piedras imantaron de esperanza, de fe, ríos de almas, multitudes heterogéneas de todos los pueblos de Europa. Pensamos en él; vemos a los lejos la ecuménica ciudad. De su recinto suben, hasta el cielo plomizo, torres robustas de iglesias. Por una calzada, se acerca una tropa numerosa de hombres en hábitos de peregrinos. Tienen los rostros curtidos por el sol y el aire; largas y enmarañadas las barbas; las ropas pardas y sucias, en que hai cosidas conchas, hechas harapos. Se apoyan en recios bordones; llevan calabazas y zurrones, para el agua y las provisiones del camino. Y he aquí, al llegar a la vista de la ciudad, aquella multitud sucia, harapienta, derrotada, se transfigura por un soplo de espiritualidad. Los rostros se dilatan y ennoblecen; brilla en los ojos un fulgor de éxtasis, y los peregrinos caen de rodillas. De centenares de gargantas sale un confuso canto, pausado, una melopea litúrgica: es el canto de Ulltreya.

Estamos, pues, en la época más prestigiosa de la historia jacobea. El aliento de esa edad puso en el pórtico, el sello de su emoción estática. Es la historia en piedra, consignada mejor que en los códices. Vino de cualquier lugar un maestro constructor, inspirado por el más sublime soplo del aire, realizó su obra eterna, y se contentó con poner en un rincón su estatua orante. Eleváronse en aquel tiempo los arcos romáticos, los recios muros; brotó de la piedra la ingenua imaginaria primitiva, desarrollando escenas del antiguo y del nuevo testamento...

Ahí está, para ejemplo de los siglos, la imperecedera lección del Pórtico de Mateo. Hoy, en un sucinto, volumen, la Colección obradoiro muestra a nuestra avidez una galería de expresivas láminas que actualizan la fuerza artística del famoso monumento. Le precede un preciso, oportuno estudio del ilustre arqueólogo Angel del Castillo. Está familiarizando el erudito coruñés, con los secretos de nuestro viejo arte. Ahora nos trae noticias de una época fecunda, aquella que se ciñe a la etapa de construcción de la primitiva catedral Jacobea; describenos felizmente su estructura inicial e invoca con justa invocación los testimonios del Códice Calixtino.

Hace Angel del Castillo, historial del Pórtico y da informaciones idóneas sobre la personalidad de su creador, va diciéndole el aprecio que se tuvo a su inmortal obra; las interpretaciones que de ella realizaron los escritores extraños y escritores propios. Hablamos de como fue el primitivo monumento y de las mutilaciones de esta contemporánea actualidad. Aquí tenemos ante nuestros ojos, una descripción, unah jugosa exhumación de estimables opiniones en torno a la figura de Mateo.

Recorriendo el emotivo detalle de estos huecogramados y conjugándolo con los precisos datos que Angel del Castillo nos suministra, podemos evocar el acento de una edad que nos ha dado prestancia universal. Nos sirve este breve volumen, así, para prestar atención a las voces que nos hablan con palabras de siglos. En oyéndolas, penetramos su espiritual esencia. Algo que está fuera del folclorismo superficial; algo que sobrepasa el nocivo, frío museísmo, que alinea las piedras en listas de catálogos; que convierte las evocaciones monumentales en profusa cita de tópicos, profanados por el abrazo y la pedante cursilería.

Cada una de las páginas, y los grabados todos de este pequeño libro, nos rememora el espléndido tesoro arqueológico del Pórtico de la Gloria. Un tesoro respecto al cual no cabe buscar parangones; y ello, porque des-

truiría su infinidad de cosa muy nuestra, y es convertirla en puro reclamo de un turismo incoloro.

Ofrécenos en fin este volumen de la colección 'Obradoiro', meticulosa erudición, junto al despliegue de datos históricos, archivísticos y fotográficos del mejor estilo.

Publicadoo 20 de febreiro de 1950 en *La Noche*.

Publicadoo 18 de marzo de 1950 en *La Noche*.

Yeats

(en traducción de *Plácido Castro*)


**Medrosa, medrosa
do meu curazonhe
no craror do lume
pensativasmente, móvese no lonxe**

**Ela trai os platos
E déixaos na mesa...
A unha isla na y-auga
Quixera ir co-ela**

**Ela trai as luces
y-o sobrado aluma
medrosa na porta,
medrosa, ás escuras.**

**Medrosa cal lebre
medrosa e sinxela
A unha isla na y-auga
Quixera ir co-ela.**

Poeme publicado no número 3 de "Rdi" cunha introdución á obra de Yeats realizada por Plácido Castro cunha imaxe de Iván Vilas Ponte.



Suplemento de O Correo Galego que aparece os xoves. Coordinación: A.R. Lopez e Soedade Noia.
 Deseño: Anton Lopo; Maquetación: Carme Botana. Fotografía: Chico Miras e Chicho Seoane.
 Infografía: Teresa Tojo, Fran Dominguez e Alberto Rivadulla.
 E-mail: Rdi@correeogallego.es

**Plácido Castro,
o noso home no mundo**



Acreditación de Scotland Yard a Plácido Castro como correspondente de prensa

Os retratos de Plácido Castro

NACEU EN GALICIA PERO EDUCOUSE NA GRANDE BRETAÑA. FOI O CONTACTO DO GALEGUISMO CO EXTERIOR E UN BRILLANTE TRADUCTOR DE OMAR KHAYYAM. SUFRIU A MAZADA ESMAGADORA DA GUERRA CIVIL E DO EXILIO. AGORA CUMPRE O CENTENARIO DO SEU NACEMENTO E rdL LEMBRA A SÚA APAIXONANTE BIOGRAFÍA

é

"A Nosa Terra". Despois da guerra civil, do seu xulgamento e condena, fóra do seu tempo e das súas paixóns, xorde un Plácido desorientado e frustrado, "estrañado no seu propio país" co que escasamente puido reconciliarse nos últimos anos da súa vida.

Hai outro Plácido dotado de habilidades múltiples e coñecementos máis propios dun humanista do Renacemento, unha ilustración gañada a pulso na súa etapa formativa en Glasgow con boa parte da elite británica do momento, e que lle permitía algo máis que defenderse en coñecementos musicais, na pintura, na astronomía e, por suposto, na sensibilidade poética que lle permitiu traducir ao galego numerosas obras de grandes autores de inspiración céltica e británica. O contraste ofreceo un Plácido sempre inadaptado que pese aos esforzos da súa dona, Jesusa Sineiro, atócabase con mil e unha dificultades para defenderse na vida ordinaria e acostumarse, el que procedía dunha familia moi acomodada de Corcubión, ás privacións da posguerra, tanto aquí como en Londres, cunha numerosa prole (tivo oito fillos).

E sobre todo hai un Plácido eternamente preocupado pola salvagarda da identidade de Galicia, do reencontro de Galicia consigo mesma en todos os dominios (da lingua á paisaxe pasando polo turismo e toda concreción cultural), manifestacións que deben ser enalzádas e dignificadas para construír a partir delas un futuro no que debiamos exercer de galegos en Galicia e no mundo. El, que tantos anos vivira no Reino Unido, antes e despois da guerra, participando nas emisións da BBC en lingua galega, castelán e inglesa; quen chegou a colaborar durante varios anos co *Jornal de Noticias* de Porto, comprendía mellor ca ninguén o significado desa proxección universalista que el unía á admiración do progreso, dun progreso sempre con identidade, que sintetizaba toda unha vida de compromiso con Galicia.

E con independencia da época e das súas vicisitudes anímicas, hai sempre unha foto fixa, a do Plácido do diálogo, da tolerancia, do librepensamento, da curiosidade, da fe e conviccións democráticas profundas, do gusto polo traballo ben feito e con rigor, daquel individuo culto e amador da cultura que preferiu falar con voz baixa ou simplemente calar, a baixar a cerviz ante a tiranía da ignorancia e mediocridade franquistas. Tamén por iso o seu retrato ben merece acompañar ao dos mellores homes e mulleres desta Terra.

posible achegarse á figura de Plácido Castro a través dalgúns retratos da súa personalidade que cómpre evocar agora que celebramos o seu Centenario. En primeiro lugar, hai un Plácido no seu tempo e outro fóra del. O primeiro é o da vocación política, do compromiso partidario e intelectual co galeguismo e con Galicia, da devoción pola cultura, o xornalismo e o debate de ideas. Ese Plácido era o secretario de relacións internacionais do Partido Galeguista que chegou a participar no Congreso de Nacionalidades Europeas de 1933 onde Galicia se consagrou como unha nacionalidade recoñecida internacionalmente; era o directivo das Irmandades da Fala de Coruña, ou da Asociación de Escritores en Lingua Galega; era o Plácido que enviaba as súas "Crónicas desde Londres" a *El Pueblo Gallego* ou a *Informaciones*, que tanto escribía en *La Nación de Buenos Aires* como en

XULLO 10 S

EMPEZA O TRABALLO XORNALÍSTICO DE PLÁCIDO CASTRO NO 1927. TRALA RUPTURA QUE SUPON A GUERRA CIVIL E A SÚA CONDENA POR “FOMENTAR LA SITUACION ANÁRQUICA EN QUE SE ENCUENTRA ESPAÑA”, OS SEUS ARTIGOS EN PRENSA, DE FONDO SENTIR NACIONALISTA, TAMÉN SOFREN UNHA TRANSFORMACIÓN NA QUE AFONDA REINERO

Os artigos de costumes e a crítica social

a

relación de Plácido Castro co xornalismo iniciouse sendo el mozo, ó finalizar os seus estudos de Filoloxía, coma tantos

outros xornalistas da época. Foi en 1927, cando comezou a colaborar con diversos xornais españois e estranxeiros como *El Pueblo Gallego de Vigo*, *Informaciones* de Madrid ou *Jornal de Noticias* de Porto, enviando crónicas e reportaxes dende as illas británicas. Entre os seus textos atópanse dende noticias políticas sobre a actividade parlamentaria ata críticas teatrais e literarias pasando por unha serie de reportaxes sobre Irlanda realizadas durante unha viaxe por aquel país e ilustradas por el mesmo con fotografías. A súa entrada no mundo do xornalismo presenta tamén algunha que outra implicación familiar coma a curiosidade de que o seu pai, Plácido Castro Rivas, deputado liberal, doara en 1928 varios inmobles á Asociación de Periodistas de Madrid para que foran destinados a usos sociais.

A paixón declarada de Plácido Castro polo sistema político inglés parece estenderse tamén ós medios de comunicación. Durante a súa estancia en Londres, Castro foi membro da *Society of Foreign Journalist* e *The Foreign Press Association in London*. Incluso de volta en Cambados conti-

nuaría lendo a prensa e revistas inglesas que chegaban ó porto de Vigo e que facía que lle enviaran. Ese “universalismo” dos medios de comunicación británicos foi tamén apoiado persoalmente por el coa súa participación como redactor e locutor nos programas en galego da BBC, entre 1949 e 1955, e que constitúen a primeira emisión regular nesta lingua da historia da radio.

[Do compromiso político
à crítica literaria]

Na produción periodística de Plácido Castro pódense distinguir dúas etapas claramente diferenciadas. A primeira abranguería dende os seus primeiros escritos ata o comezo da Guerra Civil e nela pódese observar unha clara implicación política do autor. É a época das súas colaboracións en *A Nosa Terra* ou *Ser*, publicacións do Partido Galeguista, e nas que crítica o centralismo do estado español ou eloxia o sistema británico da Commonwealth -mantendo á marxe, iso si, as actitudes inglesas con respecto a Irlanda-. Nesta etapa, incluso os seus artigos literarios teñen un marcado carácter nacionalista, recollendo maioritariamente comentarios acerca de obras irlandesas, escocesas ou galesas.

Trala ruptura que supón a Guerra Civil e a súa condena por “fomentar la situación anárquica en que se encontraba España”, os seus escritos periodísticos tamén experimentan un cambio substancial. Nos anos inmediatamente posteriores á guerra, naturalmente condenou a un relativo abandono este tipo de creacións e refuxiouse na tradución ó galego de poesías irlandesas e noutras expresións artísticas coma a pintura e a música. Será nos seus últimos anos, trala súa nova estancia en Londres colaborando coa BBC, cando retome a ocupación de articulista en prensa diaria.

Nembargantes, aínda coa presenza dun fondo e referentes comúns, a temática dos seus textos durante esta etapa cambiaría notablemente. E o mesmo lles sucederá ós xéneros empregados, abandonando completamente os informativos e centrándose nos de opinión e nos interpretativos como as crónicas. Mentres segue cos comentarios literarios a obras principalmente irlandesas, os temas políticos vense substituídos agora polos que se poden considerar coma “artigos de costumes” ou de “crítica social”. Nesta segunda etapa da súa creación periodística, destacarán pola súa cantidade os textos aparecidos no *Faro de Vigo* entre 1960 e 1967. Neste diario publicará os dous tipos de artigos mencionados: “literarios” e “de costumes”. Os primeiros, dentro da sección “Arte y Letras”, volverán recorrentemente sobre Yeats, Hemingway ou William Blake, entre outros, e incluídos nestes comentarios, escritos en castelán, aparecerán numerosas traducións ó galego de poemas irlandeses. Pero Plácido Castro non se contenta con referirse unicamente á literatura; o seu interese alcanza tamén a música, a pintura e a vida cultural en xeral. —Chega incluso a dedicarlle varios artigos ó fenómeno que supoñía naquel entón a aparición dos Beatles e incluso ás peculiaridades dalgún libro publicado por John Lennon que relaciona co *Finnegan’s Wake* de James Joyce—.



Con Álvaro Cunheiro nunha tasca



Con Vilar Ponte, Seoane, Luis Vidal e Arturo Vilafranca, na Coruña (1934)



Nos últimos anos, cos seus alumnos e o profesor Losada Dopazo

O costumismo


O outro gran grupo de artigos desta segunda etapa vén determinado por unha temática “costumista”, entendida en Plácido Castro coma unha exposición do “característico” galego sobre o que aplica categorías ou costumes universais, froito das súas viaxes e coñecementos, para enxalzar o positivo e criticar o negativo. Polas datas dos artigos, parece que tamén este tipo de escritura “castrense” ten a súa orixe en Inglaterra. Será nas súas colaboracións desde Londres co *Jornal de Noticias* do Porto cando comecen a aparecer, mesturados con crónicas políticas, algúns comentarios acerca da forma de comportarse dos británicos ou sobre noticias curiosas ó modo dunha “revista de prensa”. En xeral, a estrutura deste tipo de artigos pódese considerar retórica. Castro emprega unha longa exposición de antecedentes, exemplos, argumentacións para, moitas veces, descubrir só ó final do texto o motivo do mesmo. O autor a miúdo comeza referíndose a modo de pretexto a outras informacións ou opinións publicadas das que vai derivando temas colaterais ata chegar ó punto que lle interesa destacar. Así, son numerosas as citas que realiza a artigos de Álvaro Cunqueiro publicados no mesmo diario baixo o título de “El Envés”. En moitas ocasións, os comentarios de Castro son meras glosas; noutras, pártese dos presupostos de Cunqueiro para aventurar novas conclusións. E o mesmo fará cos artigos de Vicente Risco en *El Pueblo Gallego*.

O turismo será un tema moi recorrente neste tipo de artigos e servirá como punto de vista externo e medio de referencia para observar “o galego”. Desta forma, as súas “Consideraciones sobre el turismo” tamén poden enmarcarse dentro da categoría de “crítica social”. Esta serie de catro artigos numerados e correlativos apareceu publicada en abril de 1962 no *Faro de Vigo*. Non son os únicos textos nos que o escritor se refire ó tema, pero si os que sistematizan dunha forma máis clara e explicativa as opinións de Castro con respecto a aquel novo fenómeno social que comezaba a chegar a Galicia.


O estilo aquí é simplemente expositivo, enumerativo. Nestes artigos avogárase pola formación dos profesionais da hostalería, a hixiene nos establecementos ou a diversificación da oferta de ocio. Presenta incluso solucións prácticas inmediatas como a posta en marcha de cursos formativos aproveitando os recursos educativos e persoal existentes, á espera da creación dunha escola de hostalería especializada. Pero Plácido Castro, ó mesmo tempo que pide unha mellora de infraestructuras e comunicacións, advirte dos perigos da urbanización incontrolada. Denuncia, xa en 1962, a ameaza que supoñía para a natureza e a beleza das costas un desenvolvementismo aínda incipiente asociado ó turismo.

Coma sempre, Castro comparará a situación de Galicia coa doutras rexións e intentará aplicar nela solucións universais. Así, e recorrendo de novo a exemplos británicos, recomendará publicitar adecuadamente os reclamos turísticos das nosas costas invitando a periodistas estranxeiros de “los más importantes periódicos y revistas, los cuales -por ejemplo en Inglaterra- publican cada semana tres o cuatro grandes páginas de artículos, fotografías y anuncios relacionados con los viajes y las vacaciones en el país y en el extranjero”.

Castro tamén xogará neste tipo de artigos cos elementos característicos dos seus comentarios artísticos. O que comeza coma un artigo literario sobre as illas e as implicacións culturais do seu illamento, remata sorprendentemente coa rein-



Na súa casa de Corcubión, antes de partir a estudar a Glasgow, 1908



Plácido Castro durante a súa estadia en Glasgow



Paseando nunha barca pola ría de Coruxo



Con del Riego, Darío e Emilio Álvarez Blázquez, en Vigo

dicación concreta e localista dunha ponte á Illa de Arousa, destacando o aproveitamento que suporía das súas grandes calidades turísticas.

O turismo servirá de enlace e pretexto para falar da arte galega. Castro non só defenderá a conservación dos espazos naturais e das obras de arte. Considerará que a conservación pola conservación non serve de nada, que hai que achegar algo novo ó que legaron os antepasados e dinamizar as expresións culturais. De novo recorrerá á comparación entre o tratamento que se lle daba en Galicia a arte románica, por exemplo, co que se lograra en Navarra vinculando ámbalas rexións a través do Camiño de Santiago, “histórica vía internacional” y “tradicional punto de unión de España -y naturalmente de Galicia- con el resto de Europa”.

A súa análise sociolóxica tamén se estende ós “coches de liña”, “uno de los más instructivos observatorios de la vida cotidiana de nuestro pueblo”. Deles sérvese para destruír tópicos galegos como a reserva e o pechado do seu carácter. Das conversacións alí producidas extrae conclusións tales como que “el exhibicionismo gallego no se manifiesta con tanta insistencia en ninguna otra ocasión, como en estas exposiciones públicas de enfermedades, operaciones, padecimientos. Se saca todo a relucir”.

A pesar de semellante variedade temática, Castro era consciente en parte do minoritario do seu público e así o expresa con modestia. No “Faro de Vigo” do 25 de novembro de 1961, por exemplo, ironiza acerca do número de lectores e da súa autoría ou contribucións novidosas: “Perdóneme el lector -y porqué no ser optimista y decir “los lectores”- estas divagaciones sin trascendencia, y que por lo tanto son también inofensivas, en atención a que le he dado a conocer un bonito cuento. Lo cual es para mí una satisfacción relativa, ya que es la única parte de este artículo que no es mía”.

O ton empregado neste tipo de textos periodísticos destaca pola súa claridade e accesibilidade. Castro, que presenta sempre unha notable profundidade de contido nos seus textos, tanto se fala da obra de Chesterton coma se describe a evolución das romarías galegas, emprega nos seus artigos de crítica social un léxico chan, sinxelo. En ocasións incluso cun ton humorístico ou irónico, distorsionando e esaxerando a realidade case ó nivel dun Larra. Así escribirá cando se refire ós avances da medicina e ás implicacións éticas que suporía a implantación de partes artificiais no corpo humano -tema, coma tantos outros, aínda vivente e de plena actualidade-. Para el, “el humorismo de nuestros días, cuando no es completamente elemental, no puede librarse de ser negro, a su manera tremendamente serio, apto para encararse con los más angustiosos problemas que nos rodean, quizá en el fondo la única manera sensata de apreciarlo”.

Será ás festas populares ás que dedique o seu derradeiro artigo en prensa, o domingo 21 de maio de 1967. Nas páxinas do *Faro de Vigo* dedicadas ás Festas de Santa Rita en Vilagarcía amosaba o seu temor ante a progresiva desaparición e distorsión das romarías. Dous meses antes da súa morte, continuaba reafirmando o seu desexo de convivencia entre o galego e o universal: antes, dende os seus artigos políticos e conferencias; agora, dende as súas columnas de crítica social e as súas particulares descricións dos costumes populares.

dAVIDFEINERO

NAS SÚAS CONVERSAS, A INCERTEZA DO DESTINO TRALA GUERRA CIVIL ABROLLABA NO ROSTRO DE PLÁCIDO CASTRO CO RICTUS DO ALLEAMENTO. ERA A CARACTERÍSTICA DUNHA XERACIÓN QUE ALVARO ÁLVAREZ BLÁZQUEZ RECOLLE NESTE EMOCIONADO RETRATO DUN HOME, DUNHA ÉPOCA E DUN SOÑO

Na lembranza dun intenso tempo breve

m

a miña emocionada lembranza das moitas xornadas compartidas na compañía de Plácido Castro, gardo na memoria a do instante en que o mirei por vez primeira. Baixaba, de vagariño, no

solpor dun día calmo de verán, entre as rochas e piñeiros que beireaban o carreiro, costa abaixo cara á nosa casa, chantada no areal mesmo da praia da Calzoa, en Coruxo, desde a súa casinha de aluguer -a do desterro- no alto do monte, a tiro de pedra da nosa. Era a súa vivenda a máis fermosa mostra da simplicidade arquitectónica. Imaxínade as casañas que pintan con ceras os nenos artistas dos colexios. Sobre o impoluto encalado da fachada, no centro, unha portuña e, dunha banda e da outra, dúas fiestras pequenas. E, para rematar todo o conxunto, o cumio agudo do tellado a catro augas. Como podería ser o pincho dun pombal. No interior: unha alcoba e unha cama -ben pouco folgada para tanto home-, cociña de leña, baño e, na sala, arredor da mesa, catro cadeiras e a lacena contra a parede. En fronte, noutro pano das paredes, unha litografía (que xa era da casa) coa estampa, reflectida na lagoa, dunha montaña nevada de Suíza. E fóra o recendo dos loureiros que medraban no lugar contra o valado. Todo pulcro, limpo e ordenado da man do propio Plácido nas cousas persoais: os libros, as carpetas, as libretas de debuxo, a caixa das acuarelas, moitos lápises e pinceis, o cinceiro sempre enriba da mesa...auxiliado de cotío polos bos coidados de Virxinia e Xoán, os caseiros e veciños, que atendían ao inquilino con moito respecto e singular afecto.

Calquera de vós que o tivese coñecido podería matinar que

o fogar circunstancial do noso amigo pouco se acompañaba co seu talante intelectual, co tráfego das relacións culturais que acababa de vivir en anos anteriores a 1936, e mesmo coa súa humanidade física, cando tiña -no tempo do meu relato- corenta anos e andaba quen vos fala polos vinte e un. Pero estou certo de que este tempo da súa veciñanza en Coruxo foi para el especialmente feliz, como o foi para cantos tivemos a fortuna de acompañalo nas moitas horas de día e de noite, de conversa sosegada na xenerosa humildade dun vaso de viño feito na casa dun veciño.

Non madrugaba, pero tampouco non tiña a obriga de erguerse cedo para buscar a vida, que lle puido ser roubada como a tantos outros compañeiros, por amor á Terra e á cultura. A súa figura, que enchía o marco todo da ventá, asomaba na media mañá de cada día para esculcar a paisaxe, por mirar de onde viña o vento, por saber cómo nacera o día na acuarela do mar, se estaba tensa a liña da luz no horizonte, se xa viñan de volta as gamelas cara á praia. Ao seu pé, a sinxeleza verde da illa de Toralla. No fondo, recortada contra o ceo, a maxestade poderosa das illas Cies e a lanza final da terra do Morrazo.

Pero non todo foi lédicia naquelas xornadas tan distantes -anos 1942 e 43- da estadia de Plácido na praia de Coruxo. Os estados de ánimo, os sentimentos, pertencen ao inescrutable mundo interior de cada quen. A Plácido, en ocasións, aínda que por pouco tempo, pintábaselle no rostro un xesto alleo ao fio das conversas e gardaba silencio. Posiblemente era o mal de todos: a incerteza do destino despois da guerra. Un baleiro atroz, como se todo estivese por facer e houbese que retomar a vida desde o comezo. A tristura mental dos derrotados.

[Precariedade]

De calquera xeito, no medio das nosas precariedades, que eran moitas, aquela anguria que ía e viña non puido aplacar os ánimos de Plácido e de todos nós. Na praia de Coruxo e a tódalas horas do día e da noite, temos rido moito con moitas historias imprevistas, no grupo dos amigos: Paco del Riego -agora á miña beira, reluciente-, que moraba preto de nós, na casa dun mariñeiro; os meus irmáns, Darío, Xosé María, Alfonso e Emilio, e cantos entran pola porta a todas horas. Os domingos e festivos, aínda que non sempre, achegábanse a Coruxo Xaime Ila, Celso Collazo e os científicos cataláns acollidos no desterro polos laboratorios ZELTIA de Porrriño. Eran Calvet, Gordón, Catalán, Alfonso Busquet -aquele mozo forte e corpulento, fillo do director de *La Vanguardia* de Barcelona-, Bieito Andión e tantos outros. Tiña daquela Plácido máis tempo dispoñible que todos nós para se dedicar ás súas afeccións, a pintura e outras querencias, e cando viñamos de regreso da cidade, cansos algúns e abatidos por labores que non nos eran moi propios, outros en procura de atopalos, tiña el documentada unha nova iniciativa para común entretemento. Xurdiu así, por exemplo, diante duns vasos de viño, a proposta da denominada U.V.A (Universidade de Verán Autónoma). Que eu lembre agora, entre os moitos asuntos tratar no foro universitario en proxecto, tiña anotadas nun caderniño as normas, estudio e recolleita de certas palabras castelás, coa proposta do seu significado a partir das suxerencias fonéticas e non da acepción real do termo, actividade lúdico-filolóxica que demos en titular, por acordo

unánime, "FONO LEX". Os resultados foron verdadeiramente estimulantes, divertidos e mesmo terapéuticos. Era do que se trataba. No outono, Plácido, coma todos nós, retornaba a Vigo. El ocupaba un piso, tamén de aluguer -daquela, practicamente, non os había en propiedade-, no segundo andar, posiblemente, do edificio número sete, ao comezo da rúa Lepanto. Aínda que non se prodigaba moito, nesta outra vivenda temos escoitado algunha vez das súas mans ao piano e da súa voz clara e fonda, fermosas composicións inglesas e outras, da mesma partitura musical, trasladadas ao galego.

[Un mundo xeneroso]

Despois de xantar, nas primeiras horas da tarde, reuníamose no Bar Derby, propiedade de don Albino Mallo -daquela Bar Imperial, por mor de que España era unha "unidade de destino en lo universal" e non se permitían nomes estranxeiros. Pouco a pouco íase enchendo a tertulia nunha ringleira de mesas contra o friso de madeira, baixo a luz dos espellos que percorrían a magnitude acolledora do local. Con Plácido: Maside, Lugrís, Laxeiro, Prego, Mario González, Paco del Riego, Celso Collazo, Xaime Ila, Pepe Meixide, Soneira, Sevillano, Xosé Sesto, Emilio Bugallo, Xavier Andrade, Martín Lázaro, tres ou catro irmáns Álvarez Blázquez, e outros que non dou lembrado. Os que viñan de paso: Manolo Torres de Marín, Pesqueiras de Lantaño, Virxilio Blanco de Cerdedo, ou Enrique, o poeta cego de Ferrol que escribía no seu Braille, compulsivamente, co punzón sobre as láminas de cartolina ocre.

Non podo dicir de qué falabamos, que sería arredor de todo o xeneroso mundo das humanidades, pero si lembro ben o que había que calar. Xa imaxínades. Non lonxe das nosas mesas, sentaba, patético, un home, agachada a cabeza detrás dun xornal aberto de par en par, que non daba lido, por escoitar a trama da nosa particular revolución. Non ían polo camiño que el sospeitaba as nosas conspiracións e, andando o tempo, acolleuse este homiño ao traballo fixo -discontinuo, como agora se di nas ordenanzas laborais, e non sempre permanecía no seu posto de vixía. Posiblemente en razón dunha orde do seu xefe, ao estimar que non pagaba a pena tanto esforzo no control dunha panda de xente tocada da cabeza...

Daquelas poucas horas compartidas e nunca esquecidas gardo como ouro en pano un pequeno sobre de hai 60 anos, algúns xogos literarios, ben pouco subversivos, que nos valían de entretemento. Poemas ao xeito do "cadáver exquisito" -así chamado polos escritores surrealistas franceses da década dos vinte- e outras cousas nas que non me podo deter.

No ano 1944 casa Plácido con Jesusa, tan boa amiga da nosa casa. No 48 toma a familia o camiño de Portugal e despois para Inglaterra. Nun humilde caderno, con algúns poemas do meu irmán Emilio, improvisase no Bar Derby unha recolleita de comentarios e debuxos para lle ofrecer en homenaxe de despedida, da man dos numerosos contertulios, e que na premura dos primeiros días do mes de agosto non se podo completar. Pero as poucas páxinas escritas gardan o fervor de moitas amizades para un home cabal. Inesquecible.

ÁLVARO ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

Cronoloxía

1902

Nace en Corcubión o 25 de xaneiro.

1908

Inicia en Glasgow os seus estudos.

1919

Matricúlase na Universidade de Glasgow para cursar estudos de Filoloxía Inglesa.

1923

Solicita a validación dos seus estudos e adquire o título de profesor de idiomas.

1927

Comeza a colaborar cos diarios *El Pueblo Gallego*, de Vigo, e *Informaciones*, de Madrid.

1928

Publica *La saudade y el arte en los pueblos célticos*. Traduce ó inglés *Almas Brujas* de Manuel Linares Rivas.

1931

Pronuncia a conferencia *O nacionalismo, un credo moderno*. Participa na Asemblea de constitución do Partido Galeguista. É elixido membro do Consello Permanente e directivo provisional.

1932

Na Iª Asemblea do Partido Galeguista é reelixido membro do seu Consello directivo. Forma parte da comitiva que participa no mitin de Carral.

1933

Representa ó Partido Galeguista no IX Congreso de Nacionalidades Europeas celebrado en Berna os días 16, 17 e 18 de setembro.

1934

Na III Asemblea do Partido Galeguista obtén, en votación secreta, 1.654 votos. É o máis votado para a Secretaría Executiva e asume a responsabilidade de relacións internacionais. É elixido Conselleiro primeiro do Grupo do Partido Galeguista da Coruña. Participa na reunión de Galeuzca celebrada en Compostela.

1935

Publica na Editorial NIS: *Teatro irlandés. Dous folk-dramas de W.B. Yeats*, traducidos directamente do inglés, en colaboración cos irmáns Vilar Ponte. Na IV Asemblea do Partido Galeguista é reelixido secretario de relacións internacionais e membro do Comité Executivo. É elixido presidente da nova directiva da Irmandade da Fala da Coruña. Preside a tribuna da homenaxe rendida a Curros Enríquez na Coruña. Representa o Partido Galeguista no Consello Galego de GALEUZCA

1936

É designado representante da Asociación de Escritores de Galicia na Coruña. Participa activamente na campaña a prol do Estatuto. Consumada a rebelión fascista, establécese en Muxía na casa duns familiares.

1940

É condenado a quince anos de inhabilitación absoluta, oito anos e un día de desterro a mais de cen km de Muxía e ó aboamento dunha

multa de 25.000 pts. Traslada a súa residencia a Coruxo-Vigo.

1944

Casa en Cambados con dona Jesusa Sineiro Vidal.

1945

Trasládase a Vigo.

1946

A Federación de Sociedades Galegas da Arxentina premia as súas traducións de poesía inglesa ó galego.

1948

Recibe en Galicia a Mr. George Hills, da emisora BBC. Exiliase en Portugal.

1949

Publicase *Poesía inglesa y francesa vertida al gallego* (Buenos Aires, en colaboración con Luis Tobío e F.M. Delgado Gurriarán). De novo en Londres, comezan as súas colaboracións na BBC. Colabora co *Journal de Noticias* de Porto.

1950

Publica *Un tema de Galicia: la saudade y la poesía* (Boletín do Instituto Español de Londres). Colabora co diario *La Nación* de Buenos Aires.

1955

Anima a celebración da Iª Festa do viño albariño.

1956

Regresa a Galicia definitivamente. Incorpórase como profesor de inglés ó Instituto Laboral de Vilagarcía.

1957

Colabora ocasionalmente co *Diario de Pontevedra* e *El Pueblo Gallego*.

1960

Principia as súas colaboracións con *Faro de Vigo*.

1961

É un dos principais impulsores da Romaría viquinga de Catoira.

1964

Participa en Baden (Viena) na V Conferencia de Ministros europeos de educación dedicada ó estudio *Da civilización do país da lingua que se ensina*.

1965

Publica na revista *Grial* (núm. 8) a tradución de *Os Rubáiyat* de Omar Khayyám, poeta persa do século XI, a partir da versión inglesa de Edward Fitzgerald.

1967

Falece en Cambados o 17 de xullo. Publícase en *Grial*, a título póstumo, un traballo seu dedicado á figura do poeta e nobel irlandés W. B. Yeats

1974

Publicase en *Grial*, *Laios gaélicos*, obra inédita de Plácido Castro.



Maniñeiros irlandeses arraxando nas nasas, nunha fotografía de Plácido Castro realizada en 1928

Off
nº 22

Off celebra esta semana con sorriso voluptuoso e cientificamente demoníaco os últimos acontecementos deportivos e felicita aos mercenarios do Deportivo da Coruña por esa xerxa militar, ultralista e metafísica que a semana pasa deu cabo dun orgullo prepotente e centenario. É certo que para unha sensibilidade mecanicista e newtoniana nada disto é sorprendente. No século XVIII Laplace afirmou que un diabolo, consciente do estado actual do universo e coñecedor absoluto das leis da natureza, podería determinar o resultado da final da copa do Rei de ano 2002. Obviamente, Off resalta por principio todo determinismo, biolóxico, marxista ou fiscal, deixando esvarar o seu pensamento, certamente pantomínico, no clinamen de Licurgo e a matemática catastrofista. O azar existe. Non obstante, un bo deseño táctico sempre axuda. É sobre todo, un triunfo simbólico e conceptual, isto é, intrascendente desde un punto de vista político, pero efectivo dende unha perspectiva traxica e gastroduodenal. O beiza venre de todos os disidentes, de todos os que dalgún xeito resisten a este revival nacionalcatólico que padecemos, atoparon nesta final memorable unha satisfacción inesperada: a dorote ontolóxica dunha Imaxe, a Imaxe (escrita así, con maiúsculas, por referenciar todos os crepitaros autoritarios da palabra) que de cote se nos impón tras reválidas, botellóns, operacións triunfo e maquillaxes do IPC, esa Imaxe constitucionalmente patriótica que durante cen anos tivo nunha camiseta branca a súa bandeira, o seu emblema preclaro, esa Imaxe escintillante, pafoca e, ao cabo, tan madrileña que percorre España sometendo a realidade ao seu desígnio único. Nos albores da modernidade, Napoleón podía aínda autocoroarse emperador. Hoxe, os políticos, sumidos nun provincialismo mental, globalizado e pacato, só aspiran a sacarlle beneficio a un partido de fútbol, a usurpar coroas alleas, coroas deportivas ou discográficas ou literarias. Afortunadamente e incerteza existe, existe o principio de indeterminación e tamén existe, claro, Irureta. O azar aínda é a esperanza da democracia, porque o azar é esa parte da realidade sólida, indómita e imprevisible que se resiste a todo cálculo e a toda política fiscal. Si, porque aínda contando co apoio do estado, a oligarquía, as forzas aéreas, a televisión, o Opus Dei e os supermercados, incluso o Real Madrid pode perder. É pouca cousa, pero dá para unhas risas nesta languidecente chaira mental na que vivimos.

Última liña (neste caso, con segundas e en castelán): Entrevista a José María Gironella: "¿Correspondían a una realidad tales maravillas?"

CARLOS SANTIAGO

O Bierzo, en
terra de ninguén





Cartel que saúda ós visitantes cando van camiño de Oencia, unha vila en medio das montañas cunhas vías de comunicación totalmente subdesenvolvidas

O GALEGO FÁLA-SE NO BIERZO DE “PORTAS PARA DENTRO”. É ESA LINGUA ÍNTIMA QUE SE LEVA EN BRAZOS CANDO SE CRUZA O SOAREGO DA CASA. COA LINGUA, ÁBRESE UNHA IDENTIDADE ENCAIXONADA EN TERRA DE NINGUÉN QUE NEGA A 30.000 GALEGO-FALANTES.

O Bierzo : unha terra de ninguén

n

o Bierzo fálase o chapurriau. “Non é galego”, discuten os veciños de Sobrado—son arredor de corenta familias—no único bar da vila. “Aquí falamos mal, moi mal”, recuncan coa verdadeira obsesión de estigma e, case lendarios e irreductibles, buscan seren en por eles mesmos cun conto debedor do máis puro realismo máxico: “aquí falamos mal, anque en Oencia son máis finos e non che digo nada dos de Vilarubín, onde as mulleres se bañan en leite de burra”. Dende Sobrado chegar a Oencia leva case unha hora por unha estrada propia do Himalaia. Pero en Oencia, seica, “hai pouco que ver”. Discuten de se en Sobrado son máis ou menos veciños que alí; se hai máis ou menos casas, se hai máis edificios novos e cántos deles poden estar deshabitados:

a emigración expurgou os pobos da montaña ata deixalos limpos e pelados, como as espiña dun peixe. Ó final, nesa rivalidade entre concellos contiguos, din os de Sobrado que gañan eles porque “haber haberá máis casas en Oencia, pero están máis pechadas que aquí”.

Cen quilómetros separan a Sobrado ou Oencia de calquera capital administrativa, onde solucionar paleleo, onde arranxar a vida. De Oencia tírase cara ó Barco ou cara ese Courel arraiano nunha sorte de eclipses na estrada que, por veces, se converten en corredoiras. Son aldeas soas e perdidas. Castiñeiros e concheiros acolléndoas. Bidueiras e amieiros custodiando a palabra, o tempo e a forma berciá porque tamén “eiquí— escribe Novoneyra no seu do *Courel a Compostela*— sempre foi bosque”. Parece, seguindo ó poeta do Courel que de tanto calar, falansen sós.

Porque o galego fálase no Bierzo de “portas para dentro”. É esa lingua íntima que se leva en brazos cando se cruza o soarego da casa. Tan íntima que, incluso, sae ás rúas nos momentos en que o cotiá precisa da linguaxe de andar por casa e bota por fóra nos mercados da capital: escótase entre os regateos ou conversas illadas dos maiores que, dende Corullón, Cacabelos ou a Veiga, chegan ata Vilafranca. Metade secreto, metade tesouro, coa lingua ábrese unha identidade encaixonada nun despropósito administrativo que estrangula e nega a máis de 30.000 galego-falantes, segundo datos do Instituto de Estudos Bercianos. É a terra que os vellos galeguistas denominaron da *Galiza Irredenta*, xunto cos concellos máis occidentais de Asturias (Navia-Eo) ou de Zamora (as Portelas, entre A Canda e O Padornelo).

Anque ese sentimento de pertenza á nación varíe segundo as zonas, o “nós” e o “eles” é un sen sentido, segundo se faga o camiño do Barco de Valdeorras ata Oencia, ou segundo se tire dende Pedrafita ata A Veiga de Valcarce, Trabadelos, Corullón, Vilafranca e de aí ata Ponferrada, esa especie de Bruxelas berciana. Son máis de 30.000 galegos falantes dos 170.000 habitantes do Bierzo que, sobre 4.500 quilómetros cadrados, se instalan nunha especie de terra de ninguén non exenta, en moitos casos, dun auténtico apartheid de depresión económica que en nada diferencia os Ancares Orientais do Bierzo Occidental. A comunidade galego-berciana é enteiramente unha: dende as festas pagás dos maíos ata os hórreos; dende as construcións populares ata o asentamento disperso da poboación. Non hai tamboril, senón gaitas.



Cartel reclamando a toponimia galega na Veiga de Valcarce

“O galego fálase de portas para dentro”, precisa Marisa Cela que, dende a Escola de Gaitas de Vilafranca, vén traballando pola concienciación e recoñecemento do idioma no Bierzo. Un dereito lingüístico que non o é por ser arraiano: “Non se fala por influencia senón que é autóctono”, indica Cela que, comparando a situación coa Galicia de hai vinte anos, reflicte aquel autoodio pola lingua, ese machucar constante que fai encaixar, sobre todo os maiores, a idea dunha *lingua de ignorantes*.

Cela leva anos na organización dos Maios do Bierzo, os únicos que dende sempre se cantan en galego. Remite o papeleo en bilingüe á espera que se recoñeza a cooficialidade do idioma e, coma moitos, agarda que se tomen as medidas necesarias, tanto da administración galega como castelán, para introducir a lingua galega nos centros de ensino, tanto en secundaria como en primaria, en todo O Bierzo: se ben agora son trinta mil os falantes, non hai dúbida de que a maior parte desta rexión lindeira falou galego non hai demasiado tempo.

Coma todos, Marisa Cela felicítase pola decisión da Real Academia Galega (RAG) de celebrar en Vilafranca o Día das Letras Galegas do 2002 en homenaxe a Frei Martín Sarmiento. A RAG sae por primeira vez na súa historia fóra dos lindes administrativos de Galicia ata O Bierzo Occidental, a Vilafranca: terra natal daquel cura ilustrado do XVIII que, avanzado no seu tempo, fixo defensa do idioma materno, denunciando en varias ocasións a marxinación do galego na administración, na xustiza, nas prácticas relixiosas ou na escola. “Ningún (mestre de Gramática) que non saiba a lingua galega con abunda extensión podería ensinar ben o latín a un nenito galego”, escribiu.

Trescentos anos despois do seu nacemento, Vilafranca súmase —é de esperar que non se reduza a un mero interese turístico— ós actos de homenaxe en apoio ás reivindicacións dos galegofalan-

tes de fóra da Galicia administrativa. Os datos do retroceso e dos nulos niveis de normalización lingüística tamén están cifrados: avós (65%), pais entre si (25%), pais con fillos (15%), nenos entre si (6%), que radiografan un debastador e acelerado proceso de desgaleguización. Hoxe, os concellos galego-falantes baixo administración leonesa son catorce: Peranzanes, Candín, Veiga de Espiñareda, Vilafranca, Balboa, Trabadelo, Corullón, Viladecais, Ponte de Domingo Flórez, Carucedo, Sobradelo, Oencia, Barzas e Veiga de Valcarce metidos entre a Galicia administrativa e a raia que marca o río Cúa. Unha raia que “vai en retroceso, pregándose cara a occidente”, indica —en liña coas teses de Ménéndez Pidal— Alicia Fontebo, profesora do Instituto Virgen de la Quinta Angustia de Cacabelos e unha das relatoras do *Atlas lingüístico do Bierzo*, elaborado polo Instituto de Estudos Bercianos.

[Tan de Vilafranca como da Terra de Lemos]

Atrás queda o río Burbia. Atrás queda Vilafranca, antiga capital da provincia do Bierzo (1822) con Ponferrada, Toreno e O Barco de Valdeorras. Atrás queda o predio, cheo de cascallos, no que noutro tempo estaba a casa de Sarmiento na rúa da Auga, dunha arquitectura paguega tan de Vilafranca como da Terra de Lemos.

Mentres, a lingua nace e desfáise entre a vila natal de Sarmiento e Cacabelos: sete quilómetros que para algúns serve de exemplo, entre toponimia e hidronimia galegas, de que a Galicia alén de Pedrafita non é só unha reivindicación cultural. Riscadelas e borróns nos sinais corrixen, galeguizando, os nomes das vila, ou dos ríos ou mesmo deses mosteiros do Temple. Para uns, non é despropor-

cionado agoirar un *novo Treviño*; outros inciden na reivindicación do Bierzo como provincia,volvendo sobre os pasos daquel proceso desnacionalizador que viviu Galicia co liberalismo do dezanove. Tampouco faltan voces, sobre todo na parte occidental berciana, que ven sobradas razóns da anexión a Galicia: famoso foi o caso da alcaldesa socialista da Veiga de Valcarce que manifestou a súa intención de reincorporar o concello á Galicia administrativa e facer cooficial o galego. Iso foi antes de recuar no empeño, ante o revoco armado na Junta de Castela León, e converter a cooficialidade pública nunha arma de transacción: 27 millóns para o iluminación pública abastaron para revocar o estatus do galego.

“Hoxe creouse o que se chama cultura berciana” aclara Marisa Cela sen deixar de cualificar a tese de “todo un invento” e pór, rotunda e ás claras, ese “sentimento de desatención” do Goberno de Castela León. “Non contestaron nin a unha soa petición de axuda en política lingüística”, recorda. Claro que a cuestión das linguas minorizadas é para este goberno unha pataca quente que, coa normativa europea na man, se move nas marxes da discriminación. Demándase, segundo o presidente de Fala Ceibe, Xabier Lago, unha *Lei rexional de protección e fomento das linguas minorizadas de Castela e León*, co obxectivo de recoñecer un estatus de dereitos lingüísticos para as distintas comunidades culturais. Unha norma, segundo Lago, que “debe seguir os preceptos contidos na Carta Europea sobre as Linguas que entrou en vigor en España o pasado 1 de agosto”.

[Da identidade lingüística a funcionalidade do galego]

En Cacabelos segue sendo noticia o colexio Virgen de la Quinta Angustia, que iniciou este ano os trámites administrativos para o ensino do galego. Cun trimestre de atraso, púxose en marcha como programa experimental, sendo catro os centros que, polo momento, se acolleron á medida: en Veiga, Corullón e Caracedo, anque neste último non se desenvolve por falta de docente. A opción abriuna o pasado 18 de xullo o acordo de cooperación entre os departamentos de Educación da Xunta de Galicia e a Junta de Castela e León: unha porta aberta de estreitas marxes que tardou meses en notificarse ós centros bercianos o que, como en Cacabelos, logo de trabas administrativas e sucesivas chamadas, provocou a súa posta en marcha ben avanzado o curso escolar. Está previsto que a lingua galega se imparta na área de coñecemento do medio, cunha duración dunha hora á semana. A profesora Alicia Fontebo —que elaborou e defendeu o plan docente para o ensino do galego no centro de Cacabelos— valora o acordo como un avance —todo un “xesto político”— anque non participa enteiraamente da instrución que critica por “limitar os centros”. Logo fai balance. “Houbo unha boa resposta e máis do 52% dos nenos e nenas apuntáronse ás clases”, puntualiza, incidindo nesa escasa marxe da directrix que asenta o galego como lingua vehicular doutras materias —en áreas de coñecemento do medio ou educación artística— sen opcións ó estudio do idioma. “Está ben, pero é pouco” —engade na biblioteca do centro, entre os tamén escasos exemplares de libros en galego e á espera de que o Goberno da Xunta equipe os andeis co material didáctico prometido.

Dende a escola subverten os demos e deuses dunha realidade sociolingüística conflictiva. Mesmo en combate, que perfila Fontebo: “Todos os nenos e nenas entenden o galego e a maioría coñecen a lingua polos seus avós e pais, a pesar de que estes a seguen considerando como unha lingua de desprestixio”. A filóloga relata, unha a unha, esas eivas seculares que a leván a afirmar que “os pequenitos non teñen conciencia de falar galego”. Pero, ¿e os pais? “Houbo que buscar unha perspectiva funcional e práctica e convencelos de que o ensino do galego era necesario no caso de buscar emprego en Galicia”. Accederon. Fontebo volve sobre ese *chapurríu*, ese falar mal, que define como “unha variante doutra lingua, que non por iso debe considerarse menor”.



Alicia Fontebo, profesora no colexio Virgen de la Quinta Angustia en Cacabelos



Marisa Cela, fronte a Escola de Gaitas de Vilafranca

A problemática sociolingüística na zona, practicamente descoñecida ata a aparición do asociacionismo cultural dos oitenta, evidencia, para Fonteboa, os fluxos entre o rural e a cidade, as migracións e despoboamento das zonas de montaña coa conseguinte repercusión na lingua que vén debuxando auténticas torres de babel nas capitais: Vilafranca ou Ponferrada. Esta última, con 80.000 habitantes, convértese en todo un enclave vertebrador da comarca e principal centro receptor de poboación, sobre todo, tralo desmantelamento da minería.

Ante esa encrucillada cultural e política, Fonteboa verte unha lectura a medio camiño entre o optimismo e o pesimismo, anque máis ancorada no último: "o galego forma parte do noso patrimonio lingüístico polo que o ideal sería que chegase a normalizarse", comenta asentando que o seu prestixio nas escolas é básico e determinante. Estudiu esta filóloga o folklore literario, a tradición oral e, partindo da actualidade noticiosa de Frei Sarmiento, párase nun dato practicamente descoñecido: antes de que Rosalía de Castro escribira os seus *Cantares Gallegos*, un berciano, Antonio Fernández y Morales escribira no 1861 os seus *Ensaos poéticos en directo berciano*. Sen embargo, hoxe e dende hai tempo está totalmente erradicada a tradición dunha escrita en galego.

Aspirase, mantén Alberto Gómez Bautista dende Fala Ceibe, a un "bilingüismo sen conflitos" co obxectivo de que ese "chapurriau" sexa un concepto a extinguír. "Defendemos os dereitos lingüísticos dos galego falantes, pero tamén calquera outra lingua" apunta Gómez Bautista abrindo varias fronteiras de análise e demanda. Primeiro: "Pénsase que se fala mal, que se fala mal castelán, como consecuencia na inoperatividade do galego a nivel educativo e da administración". Segundo: "Os pais consideran que o galego é un problema". Terceiro: "Queremos que se nos escoite no proceso de debate da normativa do galego para acabar coa idea de que no Bierzo escribimos e falamos diferente". Cuarto: "O bercianismo é máis acentuado nos castelán-falantes". Quinto: "Non contamos para nada". Sexto: "A Xunta de Galicia debe ter unha defensa real do galego no exterior". Septimo: "a realidade administrativa hai que asumila".

Pero o Bierzo é tamén a realidade da incerteza. Como nalgún momento o poder eclesiástico encintou parcelas de dominio sobre os territorios, tamén as actuais estruturas—como o "inoperativo Consello comarcal do Bierzo" constituído nos noventa—pode ser porta de novas perspectivas e proxectos. Lóitase contra o tempo e, anque a realidade bercián non aparece reflectida no *Atlas de Linguas en Perigo de extinción* da Unesco, o galego debe de protección como feito lingüístico.

Da chamada *Galiza Irredenta* dábase conta en vellos textos, referenciais na historia das letras galegas. O Estatuto Galego do 36 previa: "poderá agregarse a Galiza calquer territorio limítrofe de características históricas, culturais, económicas e xeográficas análogas, mediante os requisitos que as leis xerais establezan". Tamén o propio Castelao escribiu: "A entidade xeográfica galega ten fronteiras naturais perfectamente recortadas, e comprende algo máis que o territorio das nosas catro provincias (...) A terra galega é, ao mesmo tempo, unha entidade étnica, pero de dificultosa reconstrución política, porque a fronteira portuguesa roubanos a esperanza de anovar en breve a comunidade nacional dos tempos suevos e visigóticos. Con todo, é doado esperar que o Bierzo e demais comarcas limítrofes de Ourense e Lugo, se incorporen ao seo da súa nación natural, e que o tempo—gran curandeiro dos erros históricos—posibilite a reconstrución total da nosa unidade. Non se pode creer que o río Miño, vello pai de Galiza—representado na franxa azul da nosa bandeira—siga sendo un lindeiro perdurable de dous Estados". Galicia Irredenta ou non; Galiza roubada ou non. Dirían os ecolinguistas que hai que desfacerse da tradicional equivalencia que se establece entre lingua, nación e Estado pero a lingua ten que ver coa historia, coa identidade, coas letras. Internet estase convertendo en depositario de linguas existentes, pero tamén virtualmente desaparecidas. ¿Agardarase a colgar o galego no ciberespacio?

ANTÓN R. IOPEZ e SOEADA noia

A MADURACIÓN DA CONCIENCIA A PROL DO GALEGO ASENTA AO LADO DO SENTIRSE DISTINTO A LEÓN E A GALICIA. O BIERZO ASUME A SÚA DIVERSIDADE SEN TRAUMAS DE IDENTIDADE QUE O LEVEN A PEDIR NOVAS FRONTEIRAS ADMINISTRATIVAS



Igrexa de Corullón

Identidade no Bierzo

S

Se lle preguntamos a un berciano vello da zona galego falante pola súa identidade diríanos: "falamos galego, pero pertencemos a León". Se lle fixeramos a mesma pregunta a un rapaz máis novo diría "son berciano". A identidade berciana na actualidade é a manifestación dun claro sentido e desexo de diferenciación, de sentirse distinto especialmente de León e de Castela, e, anque o berciano de palabra tamén queira ser diferente a Galicia, o idioma galego asume como propio. Son un cúmulo de contradicións moi relacionables no fondo coa despreocupación polo seu, o chamado autoodio, un trazo por outra parte moi peculiar do ser galego. A administración denomina ao berciano "castelano-leonés", nome que non identifica como seu e, en moitos casos, ao sentirse na fronteira e en terra de ninguén, ali onde a identidade perde forza, opta por mirarse ao embigo asegurando que é simplemente berciano. Isto non lle permite definir con claridade a súa semellanza con Galicia na súa historia máis recente onde medra ese espírito de realfirmación berciana. Introduzámonos no problema. Asume o galego como un idioma propio, aínda que di non falalo ben (se nos fiamos do que o galego falante de a pé, de Galicia ou do Bierzo, di da súa fala non se falaría galego ben en ningures). A presenza do galego sérvelle de elemento disuasivo e garante de que forma parte dunha entidade diferenciada. Outro sintoma do que dicimos son as diversas solicitudes de anexión a Galicia de determinados concellos de fala galega ao que sumaremos o peso da historia, da convivencia secular co castelán (tamén co leonés) nesta poza ou enorme val rodeado de montañas que configuran o chamado Bierzo, unha comarca pluricultural vítima da artificiosidade das divisións provinciais.

¿Que é o Bierzo?, xeográficamente pode ser sinxelo de definir, máis complexo é concretar por boca dos bercianos que é o que consideran Bierzo. Por exemplo, para os habitantes das subcomarcas tradicionais como a Somoza, un dos lugares máis deprimidos da zona da montaña galego falante do que vulgarmente hoxe chamamos Bierzo, o Bierzo non comeza na Somoza, senón máis no val, máis aló... o que para algúns estudiosos é o Bierzo Baixo. O mesmo diría un habitante de Oencia. De Oencia e da súa identidade dicíase nun estudo no Simposio "Lindeiros da Galegüidade" organizado polo Consello da Cultura Galega no ano 1990: "A poboación de máis de cincuenta anos non ten moitas dúbidas. Non lles importa a onde pertencen legalmente: eles séntense galegos... somos galegos, porque falamos galego" pero nese traballo faise referencia a consideración de Galicia como unha comunidade que é contemplada cunha lóxica dualidade: a Galicia próspera e distante da costa, coa que non se identifica o habitante de Oencia, e a Galicia interior, á que rexeita non porque non a sinta próxima, senón porque é pobre e está en clara regresión.

Hai que ter en conta que a marxinalidade económica e a perda de poboación da Galicia interior, da Galicia administrativa que coñece o berciano pola obvia veciñanza e coa que comparte feiras, romarías, etc... sen que a división administrativa do ano 1833 puxera couto ás súas relacións colectivas, é a Galicia pobre de Ancares, Courel, en menor medida, a de Valdeorras contrastaba ata hai ben pouco coa bonanza económica do Bierzo mineiro dos anos 50-60. No Bierzo dreprimido economicamente houbo un forte proceso migratorio que levou dentro da comarca a ese berciano galego fa-

lante cara a zonas máis prósperas tradicionalmente non galego falantes, cando non emigraba a Suíza ou Barcelona. Estas circunstancias situaron ao berciano de costas a esa Galicia pobre e deprimida, tan semellante por outra parte á casa que abandonaba no seu lugar natal buscando unha vida mellor.

Falar de identidade pode que sexa se cadra un tema complexo, xogamos con múltiples factores que distorsionan a visión certa e a resposta clara á pregunta de que é o Bierzo. Pero hai feitos na historia que falan por si mesmos da cohesión que existe entre o mundo cultural galego e o berciano, así Sarmiento é un ilustrado de Vilafranca, polo tanto berciano, e ningún dubida da súa convicción e condición de galego, a pesar dos falsos e intrincados litixios que se establecen ás veces arredor da súa orixe e filiación. O mesmo Sarmiento tomou boa nota dos vínculos do Bierzo con Galicia. No cartulario de S. Pedro de Montes do século XIII, case toda a documentación está en galego como el nos deixou escrito e a múltiple documentación medieval escrita neste idioma non nos deixa lugar a dúbidas de que o galego é unha lingua histórica e culturalmente falada no Bierzo dende o seu nacemento, e unha das manifestacións tradicionais máis antigas e arraigadas dunha boa parte da súa poboación.

Por outro lado, a problemática do idioma une irremediamente as terras galegas coas de alén do Cebreiro. Tamén no XIX vivíamos o rexurdimento das letras galegas e hai autores como Antonio Fernández y Morales que antes de Rosalía confirman o que estamos a dicir. Diríamos máis, o proceso do Bierzo é do galego nas zonas Eo-Navia de Asturias, as Portelas de Zamora, é como a punta do iceberg dun problema que afecta por igual a toda a comunidade galego falante sexa ou non da Galicia administrativa. O futuro do galego pasa por que sexamos capaces de conservalo en territorios como o Bierzo, nese sentido o traballo conxunto de galegos e bercianos é, ademais dunha necesidade, unha evidencia incuestionable da ligazón que existe e para quen a queira ver. De feito a ningún berciano lle estraña que a Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta subvencione actividades no Bierzo por máis que cause algunha reticencia ilóxica e ilexítima en León capital.

[Os sinais da identidade]

Se a lingua é o sustento dunha identidade, para López Mira no seu traballo *A Galicia Irredenta* hai moito máis que engadir: "Antropoloxía, idioma, literatura ou toponimia, arquitectura da paisaxe, estética, *modus vivendi*, sociedade en xeral aportan datos en aluvión para asentar unha identidade comunitaria do ser galego nos territorios do contorno...sen entrar a discutir sobre a marca de identidade que supón unha lingua propia para definir unha nacionalidade, si que nos parece evidente que o influxo do galego nestas áreas (refírese naturalmente ao Bierzo, Navia-Eo e as Portelas) é por outra parte unha boa mostra pola súa mera pervivencia, contra tódalas circunstancias da historia, de a onde se deberían adscribir tamén administrativamente". Dun xeito natural a fronteira natural do galego chegou alomenos ata o río Cúa e o Sil, ata o que os máis vellos denominan propiamente como Bierzo. Os pobos do Bierzo Oeste eran e son vales galego falantes da montaña que lonxe de separar a poboación, uníaa coa Galicia incuestionada: O Courel, O Cebreiro e os Ancares. Tamén con Valdeorras sempre houbo unha innegable, constante e fluída comunicación que se sentía e se sente aínda hoxe como un mesmo e único mundo, non só para os denominados bercianos, senón tamén para os que son e eran galegos. Uxío Nononeyra, o poeta do Courel comentaba ao respecto de Vilafranca do Bierzo: "Cando nos anos anteriores ós corenta, do Courel se tiña que saír a unha vila grande, estaban a mesma distancia Sarria, Quiroga, O Barco e Vilafranca... estaba neso que chamamos a redonda. Era terra de un que logo se distanciou ó dirixírense as vías de comunicación para outro lado ó deixarse o cabalo... pero sen que caise nunca fóra do meu tempo nin fóra de Galicia. Logo, como unha superposición de tipo ideolóxico e dato oficial, soupen que senón na Galicia administrativa, Vilafranca era Lingua de Galicia, a que falaron os homes que a construíron. Os mesmos que fixeron a Lingua que nos fixo e na que logo quedaremos cando se esqueza o noso nome i o noso rostro" (*Palabras de Clausura da II Xornada da Cultura e Lingua galegas no Bierzo*. 21-agosto 1994).

Pero como xa apuntabamos antes, nos anos 50 vaise asentando unha moi falsa e cómoda forma de solucionar o tema da identidade berciana. A medida que medra a minería e Ponferrada desproporcionadamente, unha vila tradicionalmente fóra da zona galego falante do Bierzo, convértese nunha cidade capital económica do Bierzo desde onde irradia con claridade un talante destrutivo dun dos sinais de identidade e diferenciador da cultura leonesa. Moi sintomáticas son as seguintes palabras entresacadas do libro *El Bierzo, etnografía y folklore de las comarcas leonesas* dos

autores J. L. Alonso Ponga e Amador Diéguez Ayerbe: "¿Galleguismo berciano? Hablando del Bierzo siempre sale a colación un tema ya tóxico: el de su galleguismo. Mito éste siempre aducido y nunca demostrado. Siempre aducido por aquellos que han visto cómo en los últimos tiempos el Bierzo se ha ido castellinizando paulatinamente...El pueblo berciano ha tenido siempre mucho interés en manifiestar que no es Galicia: *Por qué me llamas gallega*

*Sime véis que soy berciana.
Soy nacida cuatro leguas
Unriba de Ponferrada.*



Perspectiva das montañas do Courel dende Oencia

Este sentir popular resiste un análisis máis profundo. Es imposible hablar de una cultura popular gallega que se adentra en León, porque Galicia es una región lo suficientemente compleja como para que se pueda hablar de "una cultura popular gallega".

O berciano Paco Macías no I Congreso da Cultura e Linguas Galegas de Asturias, León e Zamora, celebrado en 1989 respostaba indignado ante a concepción monolítica do Bierzo imperante: "eu que son de Lago de Carucedo, síntome como máis próximo a unha persoa de Covas, de administración galega, por cultura, pola lingua, por termo-los mesmos hábitos, idéntico sistema económico, os mesmos problemas... é dicir, un non atopo as diferencias, pero si con Bembibre, con Noceda, etc..." (pobos do Bierzo non galego falante)... O increíble é que é a un idioma propio, o galego, ó que lle é

negada a súa propia existencia polo procedemento de ignoralo e deixalo languecer sen que ningún entenda que esta lingua tamén é patrimonio do Bierzo. No fondo hai medo á diversidade, ó distinto, e ansiase unha uniformización necesaria por parte das *forzas vivas*. Non hai democracia sen diversidade... nin sequera se menciona o galego no propio estatuto de autonomía... a curto prazo as demandas só as poden asumir, así o deben facer os concellos galego-falantes..." Aquele Bierzo monolítico era e segue sendo unha entelgueira e así foi, poucos anos máis tarde as actitudes valentes como a do Concello da Veiga de Valcarce no ano 2001 son unha das reaccións máis contundentes a aquela tendencia uniformadora. É curioso que o te-

gua Galegas no Bierzo (anos 93, 94, 95 e 96), permitiron cambios sustanciais na institución que finalmente convoca un Simposium *Linguas na fronteira* (1996) un primeiro paso no replanteamento da cuestión.

Nos últimos anos a carón das reivindicacións de novos colectivos como Fala Ceibe as institucións comezan a reaccionar con máis ou menos acerto e improvisación seguen as chamadas de atención sobre o problema como a do Parlamento español (8 de abril de 1997) sobre o galego nas escolas do Bierzo e a conseguinte consideración do galego, por vez primeira, na reforma do Estatuto de Autonomía de Castela e León son sen lugar a dúbidas fitos a destacar. Por outra parte, o Consello Comarcal do Bierzo, único existente na Comunidade de Castela e León, anque impedido economicamente de grandes actuacións, baleiro de contido nos seus primeiros anos de actuación, hoxe apoia tamén a implantación do galego nas escolas. É esta unha batalla transcendental pola normalización cultural do Bierzo que acaba de ter importantes novidades coa implantación oficial do galego optativo no presente curso escolar en Cacabelos, Corullón e, fai uns días, en Carucedo. Son poucos os centros que se acollen a esta importante iniciativa, seguramente pola escuridade e medo co que se plantea por parte das autoridades educativas de Castela e León, como así o denuncia o tamén recente informe do Procurador do Común das Cortes de Castela e León. Algo tarde, evidentemente, as institucións no noso país tenden a reaccionar.

Madura estaba a situación nas escolas do Bierzo galego falante nos anos 80 e 90 cando nos consellos escolares como o de Vilafranca estaban dispostos a introducir o galego, ou cando os seus propios mestres para impedir que os nenos enmudecesen ao se escolarizar crearan un obradoiro de galego que foi literalmente prohibido por Educación de León. Hoxe a baixa natalidade e o envellecemento da poboación reduciu ostensiblemente o problema lingüístico en canto ao número de nenos galego falantes. A reivindicación do galego hoxe nas escolas segue estando viva e asumida polo berciano agora tamén e especialmente pola recuperación e estudio do patrimonio cultural desta terra. Un feito innegable da nosa identidade vaise abrindo camiño con forza.

[Maduración da conciencia]


A maduración da conciencia a prol do galego aséntase curiosamente e paradoxicamente ao lado do sentirse distinto a León e a Galicia. O Bierzo parece asumir a súa diversidade lingüística sen traumas aparentes de identidade que o leven a solicitar novas fronteiras administrativas. As ameazas ou desexos de anexión a Galicia son en boa medida froito da desesperación non da convicción. ¿Cómo se poden interpretar entón ditas reivindicacións puntuais en relación coa identidade real do berciano?. Este debe ser un interrogante ao que polo de agora non hai unha resposta vetebrada.

A identidade da parte do Bierzo máis deprimida coa Galicia máis próxima de Lugo e o Ourense é tal que non admite diferencias singulares. Caso ben distinto é o do Bierzo de fala non galega que a historia pasada o liga ao Reino de León e que nunca se identificou con Galicia, anque guste de reivindicar o bercianismo como identidade e deba asumir para sentirse distinto a convivencia co Bierzo galego falante, xa que sen el non habería diferenza sustancial en el cremos reside a esencia da tan traída identidade berciana. Este é o Bierzo que no presente está liderando por razois de corte económico o proceso de evolución social do Bierzo, un Bierzo que maioritariamente non fala o galego e que coas súas contradicións camiña coa súa bandeira oficializada polo seu Consello Comarcal nun proceso de comarcalización que vai abrindo as necesarias vías de comunicación con Galicia, as que sempre houbo e as que aínda están por explorar. Un Bierzo que admite con certa timidez aínda unha lingua que historicamente o uniu a esa comunidade que como Castela loía identificábase ante o mundo polo uso do seu idioma. Reivindicacións para todos os gustos están sobre a mesa, unha, se cadra a máis vella e que o propio Sarmiento segundo parece citaba, é a da Provincia do Bierzo, que co nome de Provincia de Vilafranca e incluíndo o territorio hoxe galego de Valdeorras, chegou a ser realidade por un período moi curto no século pasado.

O certo é que a comezos do século XXI o Bierzo principia un proceso normalizador de grande importancia para súa identidade futura e constitúe todo un símbolo o feito de que se celebre oficialmente en Vilafranca o Día das Letras Galegas, a primeira vez na historia que a Real Academia decide facelo fóra da Galicia administrativa. Aos bercianos e galegos corresponde que estes pasos se concreten nunha verdadeira política de planificación lingüística, de estudo e conservación dos lazos culturais que Galicia mantén, mantivo e manterá no Bierzo.

hECTOR m. SILVEIRO

En terras estremeiras



O Río Cúa, fronteira lingüística do galego, o seu paso por Cacabelos

galego tamén é a lingua propia das comarcas orientais estremeiras con Galicia. Á Terra Navia-Eo (Asturias), Os Ancares orientais e O Bierzo occidental (León) e As Portelas (Zamora).

Formas aditongadas (pedra e porta) e formas sen *n* intervocálico (chao e pantalóns) permiten delimitar todo o galego oriental verbo do astur-leonés occidental, que presenta palabras ditongadas (*pedra* e *puerta* ou *puerta*) e mantemento dese *n* (*chano* ou *llano* e *pantalones*).

En León fábase galego no concello ancarés de Candín e nos concellos bercianos de Veiga de Espiñaredo, Vilafranca, Balboa, Veiga de Valcarce, Barxas, Oencia, Trabadelo, Corullón, Sobrado, Cacabelos, Viladecais, Carracedelo, Carucedo, Borrenes, A Pontede Domingo Flórez, Arganza, Camponaraia e Priaranza. Nestes 19 concellos a poboación de dereito a 1 de xaneiro do 2001 era de 31.038 habitantes; pero cómpre ter en conta que nalgún deles, como ocorre cos tres últimos citados, só unha parte é galegófonoa que no concello de Ponferrada hai algún núcleo de fala galega. Ademais, na vila de Ponferrada existen falantes procedentes de concellos galegófonos do Bierzo xunto con neofalantes, especialmente xente nova sensibilizada na recuperación social do galego.

Nun informe relativo á lingua do alumnado e do profesora donas franxas occidentais de Asturias, León e Zamora, que en 1992 publicou o Consello da Cultura Galega, no que respecta a Leóna preciábase que un tercio escaso de pais e nais tiñan o galego como lingua inicial, mentres que no alumnado a porcentaxe era sódo 16,7%. En canto ó nivel de uso, en León a porcentaxe era alta no caso dos avós (63,97%), baixa entre os pais (24,55%) e moi baixo o uso dos pais cos fillos (15,07%) e destes cos pais (12,3%). E na escola era insignificante o uso do galego co alumnado polo profesorado (5,6%) e o do alumnado cos compañeiros (6,81%). Estes datos de xa hai dez anos indicaban claramente a situación dramática do galego no Bierzo, especialmente entre axente nova, con clara perda da transmisión interxeracional. A escola, que nas comarcas estremeiras orientais non tiña (e practicamente segue sen ter) en conta a realidade lingüística e sociocultural foi (e segue a ser) un fortísimo elemento desgalgizador.

A división provincial vixente pola que quedaron fóra de Galicia administrativamente as comarcas lingüisticamente galegas de Asturias, León e Zamora arrinca de 1833, a proposta de Javier de Burgos. En 1822, coa proposta Bauzá-Larramendi as Cortes españolas crearan a provincia do Bierzo, con capital en Vilafranca, esgazando daquela o Partido de Valdeorras, xa que cinco concellos pasaron a esa nova provincia, mentres que catro foron para o Partido ourensán de Viana do Bolo. Actualmente o Valdeorras é administrativamente galego, pero eclesiasticamente é leonés por pertencer á diocese de Astorga.

O Estatuto de Autonomía de Galicia de 1932 (aprobado nas Cortes de 1936) previa no art. 2º a posible agregación de "cualquier territorio limítrofe de características históricas, culturales, económicas y geográficas análogas, mediante los requisitos que las leyes generales establezcan", mentres que no actual Estatuto de Autonomía (1981) non se fai mención ningunha a eses territorios. Na Lei de Normalización Lingüística (1983) hai mención expresa da galeguidade lingüística desas comarcas, pois no art. 21.2 díse que se "fará uso do previsto no artigo 35do Estatuto de Autonomía a fin de protexer a lingua galegafalada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma". E referencia semellante enóntrase no artigo 4.12 do Decreto 221/1990 de creación da Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, presidida polo Presidente da

Xunta de Galicia; entre as accións contempladas por esta Comisión para a promoción e o potenciamento do uso do galego está a "protección da lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma en colaboración cos seus respectivos gobernos".

O Estatuto de Autonomía de Castela e León de 1983 non facía referencia ningunha ás "modalidades lingüísticas" do occidente, entre as que está o galego de León e Zamora, o asturiano (ou leonés) da zona de Babia, Laciana e a Cabreira e o portugués da Alamedilla (Salamanca), na estrema con Portugal. Non obstante, no Estatuto reformado polo Congreso dos Deputados en 1999 hai unha explícita mención ó galego, pois no art. 4.2 establécese que "gozarán de respecto y protección la lengua gallega y las modalidades lingüísticas en los lugares que habitualmente se utilicen". En abril de 1997 a Comisión de Educación e Cultura do Congreso aprobou unha proposta do BNG pola que se instaba "al Gobierno a que en colaboración con la Junta de Castilla y León estudie la posibilidad de que en función de las disponibilidades de profesorado y de la demanda de alumnado, se pueda impartir la Lengua Gallega en la Zona Oeste del Bierzo".

O 18 de xullo do 2001 o Conselleiro de Educación da Xunta de Galicia e o de Educación e Cultura de Castela e León asinaron en Vilafranca do Bierzo un histórico acordo de colaboración para a "promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das Comunidades Autónomas (O Bierzo e Sanabria)". Na estipulación 1ª do acordo díse que o contido desta promoción centrarase "principalmente no establecemento do idioma galego como materia de ensino nos centros de ensino non universitario das zonas obxecto de actuación"; na estipulación 2ª trátanse os compromisos de cada unha das partes (autorización e apoio das ensinanzas e habilitación do profesorado por parte de Castela e León; apoio do ensino da e na lingua e da literatura galega por medio da formación do profesorado, así como dotación de material didáctico por parte de Galicia); na 3ª estipulación trátase da constitución dunha comisión mixta que, entre outras funcións, delimitará "a extensión xeográfica da área de aplicación do establecido no convenio, concretando tanto os centros como o alumnado afectado". E seguen outras cinco estipulacións.

Este acordo foi cualificado de insuficiente polas organizacións de defensa

do galego no Bierzo (e nas Portelas), por prever unicamente o ensino dunha hora optativa semanal en primaria e infantil, por non prever ningunha dotación orzamentaria, por deixar nas mans de Castela e León a formación e habilitación dos mestres e a elaboración de materiais, por non delimitar-las áreas e os concellos galegófonos e por non ter en conta a cidade de Ponferrada.

O Procurador del Común de Castela e León (o equivalente ó Valedor do Pobo galego) trasladou algunhas destas queixas á Consellería de Educación e Cultura desas Comunidade e pediu que a cidade de Ponferrada non quede fóra do territorio a delimitar "en su calidad de la comarca del Bierzo, y de ciudad de acogida de habitantes de otras localidades de la comarca que han decidido fijar su residencia ante la crisis industrial que han padecido en sus localidades de origen". E este pedimento xa valeu para que a finais do pasado febreiro as Cortes de Castela e León aprobasen que a partir do vindeiro curso se ensine galego na Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada. E agardemos que no futuro tamén se ensine nos centros escolares de Ponferrada e da Puebla de Sanabria, por cursaren nestas vilas a secundaria e sobre todo bacharelato alumnado de concellos galegófonos do Bierzo e das Portelas.

Na franxa catalana de Aragón, onde viven unhas 70.000 persoas das que máis de 40.000 falan catalán, o MEC (Ministerio de Educación e Ciencia) iniciou no curso 1984-85 unha experiencia piloto para o ensino do catalán con 6 profesores para 12 centros e 791 alumnos, que no curso 1994-95 xa eran 24 profesores para 28 municipios, 33 centros e 2.974 alumnos. Na franxa galega de Asturias, León e Zamora, onde viven unhas 78.000 persoas das que unhas 40.000 falan galego, o ensino deste idioma é puramente simbólico, por mor dun xeral desleixo institucional. En 1990 o Consello da Cultura Galega solicitou do MEC o ensino obrigatorio da lingua e da literatura galegas nesas comarcas estremeiras, pero o Ministerio nunca contestou.

Na Terra Navia-Eo comezou a ensinar-se "gallego-asturiano" (en Asturias oficialmente o "galego" non existe) no curso 90-91 no colexio de EXB de Navia, logo en Tapia en 1993 e posteriormente en Xarrio e Castropol. Polo que respecto ó Bierzo, a Xunta de Galicia contactara co MEC para solicitar que un profesor dispensase clases de lingua galega a escolares de Galicia que cursaban o EXB no centro *Virgen de la Luz* da vila berciana da Ponte de Domingo Flórez; de aí que no curso 1989-91 comezase a impartirse galego obrigatoriamente ós escolares galegos procedentes de Quereño, do concello ourensán de Rubiá, evolutivamente ós bercianos que o desexaban. No curso 98-99 eliminouse no devandito centro a clase optativa de galego, oficialmente por falta de demanda.

A comezos deste ano 2002, cando o Ministerio de Educación transferiu as competencias sobre o ensino, comezou a aprendizaxe dunha hora semanal de galego no horario do Coñecemento do Medio a uns 150 alumnos nas escolas bercianas de primaria de Cacabelos e de Corullón e nas de Paradelo do Río e Parandois de Toral dos Vados, asimiladas á escola de Cacabelos. Tal como salientou nas Cortes de Castela e León o Procurador Felipe Lubián, alcalde do concello galegófono de Lubián e incansable loitador pola dignificación e normalización do galego nas Portelas (e no Bierzo), a oferta promovida pola Xunta non sea xusta precisamente ó acordado, pero aínda así, trátase dun fito histórico para as Comunidades galegofalantes de Castela e León. O vindeiro 18 de maio a Real Academia Galega vai ir a Vilafranca do Bierzo para homenaxear Sarmiento e as letras galegas, pero tamén as persoas e colectivos que de xeito humilde, practicamente sen medios, con xeral incompreensión, pero con moita dilusión que xa empezou a esmorecer en Galicia, conseguiron que o facho da lingua e da cultura galega aínda estea acceso na Terra Navia-Eo, no Bierzo e nas Portelas. Como segue vivo un xeito de falar galego nunhas 5.000 persoas da Serra de Gata en Cáceres, herdanza da repoboación con galegofalantes realizada nas primeiras décadas do séc. XIII por Afonso IX, rex Legionis et Gallie, tal como adoitaba asinar este reienterrado na catedral compostelá.

FRANCISCO FERNÁNDEZ DE I

Hai unha terra no Leste, que longa coma unha cobra,
e suma de moitas terras, climas e paisaxes (...)
Galicia aquela que os vellos galeguistas chamaban
"irredenta", como se houbera nalgures unha redimida.
(X. L. Méndez Ferrín, 1992)

Off

nº 23

como resumir no retroceso dunha canción de moda
 a coherencia brutal da realidade
 a trampa hipnótica da dramaturxia clásica anglosaxona
 a perda, o secuestro e a destrución do instinto primixenio
 a persecución obsesiva de nós mesmos
 o futuro catártico da sociedade industrial
 a lipesución do espírito e o lifting neuronal
 os novos horizontes da psiquiatría
 a mentalidade expansiva do emperador
 a violencia coa que se cuñan as moedas
 as parábolas evanxélicas e as catástrofes apocalípticas
 o inferno soft da sociedade de consumo
 a lexislación da estupidez e a mediocridade
 a acumulación de sobo nas arterias
 a tiranía patolóxica dos pallasos
 a comercialización de glutamatos tóxicos
 o control do tráfico aéreo e romántico
 a diarrea como política cultural
 a evolución capilar do fascismo
 o neurose depresiva
 o fracaso da loita de clases
 e o próximo holocausto xenético.

Así:

"mi música es tu voz"

Última liña. Entrevista a Alejandro Jodorowski:


"Aqueles que ousan,
 son esperanza,
 atravesar a escuridade,
 ao final atopan unha meta luminosa"

CARLOS SANTIAGO

Off contactos:novaoffensiva@hotmail.com



revista das letras 411



libros



M. Lado:: "Se non escribise volveríame tola"

m



María Lado é unha rapaza de 23 anos moi dinámica e activa. Simpática e tenra ao mesmo tempo. Muller, pero tamén nena. Silenciosa, pero tamén faladora. Vén á entrevista con pantalóns rachados, e sae nas fotos cos pantalóns rachados. Tamén racha e escribe poemas. Racha o discurso canónico e inventa. A súa poesía fai pensar e fai rir. Non é a súa unha obra solemne nin sería nin mexeriqueira, senón todo o contrario, un baño de claridade.

Irrompia no panorama poético galego co seu primeiro libro "A primeira visión" editado por Letras da Cal. E agora reaparece co poemario "casa atlántica, casa cabaret" publicado na colección Ablativo Absoluto, de Xerais. Este último libro é "máis persoal, máis íntimo", en palabras da autora. Componse de 17 poemas, é un libro pequeno pero grande, no que vale a pena mergullarse. Nadar, nas palabras. Xogar coa nena que é o "eu poético". Rebelarnos lúcidos no diálogo co noso pasado. Estrirarnos. Abrimos. Abrir os ollos e ver máis do que vemos, para eso serve a poesía. A poesía de María Lado é alegre, optimista. É un xogo bonito de palabras e sentimentos. Un berro intimista, narrativo, divertido.

O proceso de escrita deste libro foi longo, durou uns cinco anos. Nese proceso esta moza escritora dialogaba continuamente con ela mesma pero retrotraendose ao pasado. "Viñanme ideas á cabeza continuamente, falábame a María de 3 anos, a María de 5 anos, etc..." confesa María.

Emocionada. Pois ela pensa que "os recordos son como os soños" e por tanto se non os contas, se non os escribes, esquécelos. Ela non quería esquecer. A viaxe á infancia "era unha viaxe que non fixera nunca", afirma, contenta de tela feito. Sentíase María, escribindo estes poemas, "moi vella", pois viñanlle máis e máis recordos á imaxinación. "A viaxe á nenez ten que ver con que cando empezei o libro a miña vida estaba un poucoño inestable", dime, e escribir parece que lle serviu para autoafirmarse no mundo, para medrar, para ilusionarse. A nostalgia é un elemento importantísimo no libro, todo semella unha aventura de recordar, un soño grande, unha viaxe ás entrañas de todos nós.

A casa é un elemento simbólico fundamental neste libro. Dalgún xeito é o eixo de toda a escrita da poeta. Un movemento circular ao redor dun lugar físico. Non só físico, tamén sentimental, tamén teatral. "Eu tíven moitas casas" contame María, con ollos de mirada tranquila e profunda, co cigarro nos dedos, fumando. E engade "nas moitas mudanzas fun carrexando moitas cousas, e escribindo estes poemas fixen que todo eso fose configurando o meu espazo persoal, a miña casa sentimental". Semella, falando, unha actriz romántica, bohemia, boa. Os obxectos da casa, neste libro, cobran vida. A min o libro parécese un libro de debuxos animados. Unha película viva. Unha bonita obra de teatro.

María di que "hai neste libro moitas partes dialogadas. Era, ao escribir, como se as cousas me falasen. Os diálogos viñanme á cabeza, co-

mo unha forma de dar sentido a todo". Arte do cotián, linguaxe clara, autenticidade, beleza. Maxia de nostalgia poética. Voar.

Eu coñecín a María nos recitais, recitando, sempre recitando. Ela sabe darlle vida aos poemas cando os le en público. Reinterpreta o que escribiu con unha forza grande. Explica que "os recitais proporcionanme tanto alivio como o feito de escribir. Se o recital vai ben, quedame unha sensación bonita por dentro." Cando ela recita os seus poemas é unha cousa de moito impacto na xente. Consegue empatía, comunicación, diálogo. Pode ser que a poesía estea máis viva nos parladoiros que nos libros. Que atope máis - ou tanta- saída e vida nos bares, nas presentacións, nos actos diversos nos que a palabra oral se eleva. A palabra de María érguese como un corpus de amor e humor e resistencia. Con unha gran carga lúdica, provocadora, directa. A palabra de María érguese como palabra de nena tranquila e enfadada, nena sentimental e pequena con buratiños nos pantalóns vaqueiros e o cigarro nos dedos.... Nena que ri e excarcela sentimentos. Abre en nós as ventás da liberdade.

Empezou a escribir máis ou menos aos 16 anos, como consecuencia de formar parte do Batallón Literario da Costa da Morte -ela é de Cee-. Lembra que "daquela gustábanme moito The Doors, agora é unha vergonzza dicilo, pero daquela era para min importante". Recoñece que le moi pouquiña poesía. E que está interesada pola poesía galega de agora. Gústalle autores como Celso Fernández Sanmartín, Estevo Creus, Rafa Villar, Yolanda Castaño, Enma Couceiro, etc...

Non lle preocupa o feito de que se diga que a poesía dos novos tivo un boom e agora está máis decaída, e sostén que "os que me rodean seguen escribindo. E supoño que todo isto móvese por ciclos, e que quizais volverá outro boom, outro momento alto". Ela é allea aos formalismos, ao academicismo, e a esa forma de vivir a poesía como se fose unha cousa oficial en vez de ser unha cousa libre, natural, espontánea.

Libre, natural, espontánea, así é esta poeta nova, que non ten ningún interese en aparecer como materia de estudo nun libro de texto, e que non lle interesa en absoluto o tema de formar parte ou non dunha xeración. Afirma, neste sentido, que "os poetas novos somos todos moi distintos aínda que formemos parte dun mesmo momento social e comparámos o mesmo sitio de vida".

"Apétoceme facer poemas con todo o que me sae de dentro" di categoricamente cando lle pregunto polo tema do sexo, tan presente na nova poesía galega. Di que "non se trata de provocar por provocar, senón de conquistar territorio para as palabras, reivindicar palabras como cona ou puta para a poesía, e falar de follar, hai que falar de todo". Está de acordo comigo en que eso significa unha liberación importante.

E tamén afirma que "as mulleres, por ser mulleres, podemos decir cousas diferentes". Abrir paso á vida, ao sangue, ao berro. Sair do silencio escuro das caras tapadas de muller. Empezar un diálogo bonito coa poesía e co mundo.

A narratividade é outra das características da poesía de María. De feito, ela ten en mente facer relatos partindo dos poemas do libro "casa atlántica, casa cabaret". Os xéneros, que interacción, que se mesturan ata confundirse un co outro. Pregúntolle se ten pensado escribir algún día unha novela e ela dime que non, que a novela require moito tempo e moita constancia, e que ela non dispón desas dúas cousas.

Ten moitos proxectos esta nena grande, moita ilusión, moitas ganas de vivir. Unha carreira empezada -Filoxía Galega- que pensa rematar. Actualmente dirixe o grupo universitario Eis de teatro, e quere ser actriz profesional, e fai cursos relacionados co teatro "cando ten tempo, e carcos". Estudia na escola de cine "Raio Verde" de Santiago un ciclo superior de produción cinematográfica. Está escribindo o guión dunha curtametraxe. E escribe poemas. A súa vida está tranquila, repousando, e eso permítille sentar a escribir poesía con tranquilidade. Poemas humanos como os deste último libro que dan ganas de saír á rua e mollarse na chuvia e bailar. Poesía viva, cálida, intensa. De gran sinxeleza e de moita profundidade ao mesmo tempo.

Dálle sentido a vida o arte? Pregúntolle. E ela dime que "a arte fai a vida máis interesante. Se non houberse arte estaríamos todos como cabras. Se eu non escribise volveríame tola". Todo sería máis difícil se non houberse arte. María pensa que "escribir escribe todo o mundo, non só os poetas que publicamos libros". E ten razón. Porque escribir poesía é beber auga nos ollos de toda a xente. Beber vida nas fontes todas. Abrir un abismo e esnaquizarlo.

Estarrecedor

f

oi o editor francés Henry Dougier, das Editions Autrement, quen, no ano 1999, rescatou do esquecemento *Enderezo descoñecido*, de Kressmann Taylor, novela publicada agora en galego por Xerais na súa colección de narrativa. Autrement, que iniciou a súa andaina no 1975 como revista trimestral; e dedica o seu catálogo ás ciencias humanas e máis á literatura estranxeira, ten certo relevo para o lector galego, xa que se trata da mesma editorial que no ano 1996 publicou, en tradución francesa de Emma Lázare -tamén traductora do libro que hoxe nos ocupa-, un texto de X. L. Méndez Ferrín incluído nunha obra colectiva sobre Lanzarote (posteriormente, co título de *Lanzarote ou o sabio consello*, aparecería a versión galega deste texto no número 31 de *A Trabe de Ouro*).

Kressmann Taylor é o nome literario de Kathrine Kressmann (1903-1996), autora norteamericana que, dedicada profesionalmente ó mundo da publicidade, publicou esta novela curta epistolar en setembro do 1938, primeiro nunha revista, e, ó ano seguinte, xa en

forma de libro. *Enderezo descoñecido* conta a historia do final dunha relación de amizade entre un xudeu da cidade de San Francisco e un emigrado alemán nos EUA que no ano 1932 decide volver ó seu país de orixe.

Socios e propietarios dunha galería de arte na cidade californiana, o regreso a Alemaña do segundo deles vai coincidir co ascenso dos nazis ó poder, feito que ha condiciona-la evolución deste personaxe, afastándoo cada vez máis do seu amigo xudeu. Pero a relación epistolar, que polo desenvolvemento dos acontecementos debería rachar moito antes, mantense debido a un motivo que vai ser crucial para que a narración resulte verosímil ós ollos do lector: o envío desde os EUA dos xiros bancarios coa parte dos beneficios que corresponden ó socio alemán. Este elemento temático vai se-lo que lle permita á autora non só desenvolver-la narración empregando o intercambio epistolar facilitado -en tempos de censura do correo- polo conduto bancario, senón que tamén vai constituí-lo pano de fondo sobre o que traza-lo retrato moral da asunción do nacemento.

A historia que conta a novela vai parella, como dixemos, á chegada de Hitler ó poder. Martín Schulse, un dos protagonistas, retorna a Alemaña no 1932; a primeira carta que envía ó seu socio norteamericano está datada en decembro dese mesmo ano, xusto un mes despois das eleccións nas que o partido nazi obtén doce millóns de votos (o 33%). En xaneiro do 1933, Hindenburg nomea chanceler a Hitler e, en febreiro, arde o Reichstag (parlamento). De alí a dous meses, logo doutras eleccións, os nazis chegan ó 44 % dos votos; por aquelas datas, Schulse contesta unha carta do seu aínda amigo, na que este recea de Hitler, dicíndolle: "Creo que en moitos aspectos Hitler é bo para Alemaña". No mes de xullo, o nazi é o único partido político permitido nese país; Schulse xa fala nas súas cartas de *Venerado Xefe* e xustifica a persecución dos xudeus. Nunha terrible pero ilustrativa frase, afirma: "Non quero ter ningún trato máis cos xudeus, á parte dos xiros bancarios", procedentes, en gran parte e paradoxalmente, das obras de arte vendidas ós propios xudeus norteamericanos. No ano 1934, que é cando remata a historia da novela, Hitler dáse a si mesmo o título de Führer.

A proximidade cronolóxica existente entre estes feitos e a publicación, só catro anos despois, de *Enderezo descoñecido*, que é de 1938, dá, ó noso ver, unha



boa pista sobre a orixe deste libro singular e mais sobre a súa importante compoñente testemuñal: a urxente necesidade, nuns Estados Unidos onde o illacionismo tiña moito pulo, de esperta-lo interese polo que daquela acontecía en Europa e, máis concretamente, polo que lles acontecía ós xudeus en Alemaña.

Tanto o tema, unha das traxedias máis arrepiantes da historia da humanidade, coma o medio utilizado pola autora para nola achegar dun xeito efectivo e impactante, a amizade entre dous homes desfeita por causa desa mesma traxedia, emparentan este libro coa tamén novela curta de Fred Uhlman titulada *Reencontro*, que publicou en galego a Editorial Galaxia. Así e todo, hai un aspecto fundamental que as diferencia; mentres que Kressmann Taylor escribiu a súa obra ó tempo que se desenvolvían os acontecementos que nela se condenan, o libro de Uhlman vería a luz moitos anos máis tarde, o que se cadra explique as palabras que Arthur Koestler lle dedicaba no limiar: "Non hai [en *Reencontro*] o menor rastro de furia".

Pola contra, en *Enderezo descoñecido* non existe ese "saudoso ton menor" do que tamén fala Koestler ó se referir a *Reencontro*. Segundo confesa o fillo da autora no prólogo incluído na edición galega, cando se publicou *Enderezo descoñecido* no ano 1938, o editor e mailo home da escritora pensaron que era unha historia dura de máis para ir asinada por unha muller, de aí a utilización dun pseudónimo. Pero a dureza do libro non só reside nos acontecementos históricos -estarrecedores de seu- que re-crea, senón máis ben na resolución da narración mediante o recurso da vinganza. Ou da xustiza, que é cada lector a quen lle compre escolle-la palabra que se axuste mellor a un final no que a ausencia delas é máis ca elocuente.

Final sen palabras no que abonda coa simple imaxe dunha carta devolta por "enderezo descoñecido". Literatura testemuñal, de urxencia, efectiva e impactante, sobre un período da historia que non debemos esquecer, nin tampouco han conseguir que o fagamos mentres obras coma esta sigan ó dispor dos lectores.

hADRIÁN IOUREIRO

Acto poético

b

ota a andar esta nova aventura na que sen dúbida Emilio Araújo, o argonauta que está por detrás desta nao, nos deixará coma sempre o mellor de si mesmo. Logo de varios cadernos monográficos nos que podemos escoitar as voces poéticas de Cesáreo Carballido, Rea Nikonova e Yu Jian e as reflexións filosóficas de Alain Badiou, aparece agora o primeiro número de *Amatra - N - Gallar*, unha revista onde se vai esculcar a esencia da poesía. A busca dun lugar de enunciación. A pescuda da esencia do acto poético: a voz que se converte en xesto singular dun pen-



samento que racha coa realidade a través dese poder que o ser humano agacha con exclusividade no seu interior: a capacidade de simbolizar, de representar a realidade con finalidades estéticas.

E isto faise neste primeiro número de *Amatra - N - Gallar* desde a prosa e tamén desde o dicir poético, como xa acontecera con esoutra magna publicación, *Do Lado dos Ollos* que Emilio Araújo sacara á luz hai dous anos. Partimos das mesmas verdades que daquela nos serviron de alicerces e que Philippe Sollers formulaba de xeito maxistral na revista *Le Nouvel Observateur*: a poesía é hoxe o antídoto ou remedio para a nosa época. Xa qué logo, resulta urxente e perentorio saber en que consiste o acto poético. En *Amatra - N - Gallar* faise esa esculca convidando a testemuñar aos mesmos poetas, a unha nómina ampla de poetas ou de investigadores a estudiosos da esencia da poesía, como pode ser o caso de Alain Badiou. Cada un á súa maneira, desde a prosa ou desde o propio dicir lírico, fannos mergullar nese mar sen fondo no que cómpre ancorar o acto poético.

Abre as páxinas da revista o escritor de expresión portuguesa Fernando Aguiar, que entende a poesía como un todo, afirmando, xa que logo que o acto de escribir debe de ser potenciado esteticamente baixo a forma de performances ou accións poéticas. Joseph Attié, enxergando na experiencia vital de Mallarmé e nunha profunda análise na que se mestura a psicanálise lacaniana e a ontoloxía, afirma que a singularidade do acto poético é o seu lugar de envío: non un Outro da verdade e do saber, senón a fenda que o envío mesmo produce no Outro. Un acto pois fundador, un "alustro do ser" (Henri Maldiney). En Lacan tamén se estea Jean-Louis Aucremagne para manter que o que está en xogo na poesía é o impensable: un fracaso, unha bufonada da lingua pero que "dá no cravo". Na súa quenda, Alain Badiou, desde unha posición filosófica (psicótica xa que logo), chega á conclusión de que o acto poético se identifica co enunciado de Fernando Pessoa: "Ser unha cousa

é non aceptar ningunha interpretación". Máis intelixible é a resposta do gran poeta angolano, discípulo no seu día de Adorno, Arlindo Barbeitos: "O acto poético é un feito de verdade atemporal que se furta a calquera parámetro lóxico, cousa que lle aporta á poesía unha dimensión de soño ou de pesadelo que excede calquera sorte de coherencia do discurso racional". Itxaro Borda, o escritor de Euskal Herria, asimila o acto poético ante todo cun acto de liberdade persoal que nos pode axudar a vivir e a resistir cando se nos torcen os camiños da vida. Ao poeta marroquí Mohammed Bennis, que non se considera nin filósofo, nin sabio nin sequer propietario dun territorio poético, a historia do seu pobo aprendeulle desde a adolescencia que a poesía é un territorio infranqueable, a experiencia mesma do imposible, unha luz que se move cara ao infinito, fluctuante e apaixonada polo imposible. Finalmente, neste percorrido incompleto e de urxencias fixámonos na definición do poeta, artista e networker uruguaio Clemente Padín. Partindo das definicións semánticas de Peirce, Clemente Padín chega á conclusión de que a esencia do poema constitúese no representame que se transforma en "noutro signo" na particular interpretación de cada lector. Un supra - signo que dá fe do seu ser, un espacio de liberdade intransferible.

Este primeiro número de *Amatra - N - Gallar* complétase coas achegas doutros poetas/pensadores. Philippe Beck, Adriana Dreizzen, Dominique Fourcade, Nathalie Georges, Bernard Noël, Daniel Zimmerman, Claude Royet-Journoud, Pearsé Hutchinson, Yu Jian, Uxío Novoneyra, James Sacré, Jorge Alemán e Rea Nikonova aportan tamén o seu gran, non de materia inerte senón de semente viva para xerar esa gran teoría poética á procura da que anda o maior *poetólogo* do noso sistema literario, Emilio Araújo.

f.mARTINEZbOUZAS

Subversión

t

ño *Subversións* (Edicións Xerais, Vigo, 2001) de Fran Alonso desde hai tempo. E non falei antes deste libro porque (a) foron entrando outros de maior actualidade, (b) o que seguramente indique que *Subversións* ten, ao menos para min, un certo valor intemporal, e non soamente porque insira—agás *Cidades*— os libros do autor vigués anteriores ao chamado—precisamente— *Subversións*, inédito ata agora. Estamos pois diante dunha especie de revisión da


obra poética de Fran Alonso, un narrador en principio e por principio o que se nota na súa poesía, sobre todo na que precede a *Subversións*. É que, con efecto, *Persianas, pedramol e outros nervios* (1992) e *Tortillas para os obreiros* (1996), son respectivamente un par de mostras de narración literaria e cinematográfica, o que cadra á perfección co percorrido de Fran Alonso, quen se dera a coñecer con *Trailer* (1991), cando se levaban os docudramas. E *Trailer* conduce automaticamente á estupenda anécdota que Alonso conta en *Subversións poéticas*, a “poética” por dicilo de xeito convencional que fecha este libro. A anécdota devandita ten como figura central a Bernardino Graña, quen lle dixo ao autor de *Subversión*, despois dun recital, que facía poesía de camioneiro. O que non deixou de prestarlle a Fran Alonso. Tampouco está mal o conto do poeta da xeración inmediatamente anterior á de Alonso (será un dos da chamada, sen siso ningún, a dos 80), quen lle aconsellase ao poeta de Vigo que non publicase determinado poema porque o desprestixiaba. Ese poema, en fin, está aquí e está ben, e tampouco é tan provocativo, o que pasa é que hai xente da chamada xeración dos 80 que máis que pichafrias son pichaxélicas, que se lle vai facer e qué pena. O certo é que Fran Alonso é o dignísimo expoñente dun tempo no que a poesía precisa menos de ornamentos e máis de revulsivos e sobre todo necesita recuperar o prestixio perdido; e nesta e noutras cousas fan falla xente como o autor que hoxe anda a ocuparme. Prestixio perdido, e os dous mil poetas éditos, incluídos os que o fan de momento tan só en revistas e acabarán publicando libros, non axudan a nada a iso que di Alonso de que “nas culturas minorizadas a poesía sexa o xénero máis prestixiado, o de maior incidencia social e do que máis libros se editan”. De todo isto particularmente soamente admito o terceiro apartado; os anteriores valerían nos tempos de Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Ramón Cabanillas, ou mesmo Celso Emilio Ferreiro. Hoxe non, en parte—sospeito— porque publican poesía Pelé, Melé e o rabo da vasoira, e a xente do común pensa



diante da invasión que isto da poesía é unha boa carallada. Por iso, tamén porque vivimos tempos dunhas poéticas nada comprometidas, *Subversións*—e agora falo da primeira parte do libro—ten o mérito engadido de ser un canto de protesta ou de loita en días menesterosos para a lírica (e tamén para a épica, claro). A mensaxe de Fran Alonso, xa se pode imaxinar, é antiglobalizadora, antipensamento único, aposta pola marxinalidade, polas máis desposuídos dos desposuídos, os saharauís, por exemplo, con poemas previstos, ou presuntamente previstos, para levar un soporte ou unha infraestrutura musical, de Manu Chao ou Extremoduro, por exemplo, que serían os referentes melódicos máis achegados a Fran Alonso, apóstolo dunha poesía urbana que no seu prosaísmo conleva virtudes pero tamén defectos. Virtudes: frescura, lixeireza, liberdade, antiacademismo. Defectos: pouco sentido de anovamento, tendencia á “fotografía” en canto que “recreacionismo”, mimetismo con poetas-ideólogos que semellan un chisco “xatevans” e xa que logo reiterativos cando non cangados de previsibilidade. Ora, na romana ideal Fran Alonso compensa un maior número de virtudes a carga de “vicios” que ao longo da súa poesía aparece. En todo caso, e isto é moi importante, Fran Alonso aposta por unha poesía viva, nada museística, na que a pureza vén dada polo achegamento á realidade humana. Paisaxes humanas as que traballa este poeta de Vigo, tamén do seu mar proletario, o que còmpre situar no seu haber. Polo demais Fran Alonso, quen coloca os seus libros en orde inversa á habitual, é un digno representante do que está caendo por aí fóra (en Palestina, estes días, en Afganistán) o que merece todo o respecto, máxime cando subliña os seus argumentos cunha escrita poética de calidade.

VICENTE aRAGUAS

Máquina de brétema



h

hai uns meses atopeime -non me lembro agora ónde cun artigo acerca dun proxecto arquitectónico, un deses pavillóns, creo, destinado a unha futura exposición universal, consistente nun edificio de densa brétema. A cada un dos visitantes entregaríase un chubasqueiro a entrada da nube de vapor, e no seu interior agardaríanlle as atraccións de quenda. Aínda que a idea me pareceu extravagante e pouco confortable -eu resistome a pensar nun edificio como outra cousa que un lugar onde fuxir da humidade e do frío ambiental- non deixóu por iso de excitar a miña imaxinación, alimentada quizais polo aspecto futurista das plataformas que servirían como chan, pola intención -mostrada nos deseños que acompañaban ó artigo- de crear un ambiente de etérea nave interplanetaria, o por facer realidade o vello desexo de berrar a alguén de forma consecutiva: jeh you, get out of my cloud!

Volveu a imaxe daquel proxecto á miña memoria lendo un pasaxe de Georges Spyridaki citado na Poética do Espacio de Bachelard: "A miña casa é diáfana, pero non de cristal. É mais da natureza do vapor. As

súas paredes contraense e expáñdense segundo o meu desexo. Ás veces, aproxímoas a min como unha armadura protectora... Pero outras, deixo que as paredes da miña casa se abran como una flor no seu propio espacio, que é infinitamente extensible."

"A casa de Spyridaki alenta", resume Bachelard: é un sopro, é brétema.

O lugar natal de Xuan Bello, Paniceiros, do que vén de escribir a súa *Historia Universal* (Debate, 2002), semella feito da mesma brétema que a casa de Spyridaki e o proxecto de pavillón, desas nubosidades conxénitas que se levan na ollada. Xuan Bello observa ó través da brétema (ó través das paredes como Supermán) as cousas que gustan de agacharse nos volantes da súa branca saia: recordos e fantasmas e páxinas de libros, illas perdidas que el imaxinaría Avalon e eu a de King Kong, rosas brancas no pelo branco dunha muller que toleou, pegadas de animais na neve... E comprendo finalmente o que me gusta das máquinas de brétema, independentemente da miña aversión pola humidade, de que a súa causa sexa un ordenador ou o esconxuro de Merlin: O simbolismo dunha nada viva -por oposición ó baleiro inerte-, vibrante de posibilidades.

Pra tentar de explicar a quintaesencia da estética xaponesa, Leonard Koren imaxina un breve relato no que un viaxeiro improvisa un refuxio pra pasar a noite na fraga: Axudándose dunha corda, anoa os extremos dun grupo de arbustos que medran xuntos. Á mañá seguinte, antes de seguir á súa viaxe, desata os arbustos e a improvisada tenda de campaña desaparece, fándose virtualmente indistinguible da paisaxe. Sen embargo, advirte Koren, quedan pequenos sinais do acontecido: "Unha lixeira torcedura nunha rama, eiqúí ou alá. O recordo do refuxio na mente do viaxeiro -e mais na mente do lector que le esta descrición. Wabi-sabi, na súa forma máis pura, máis idealizada, trata precisamente destas delicadas trazas, esta evanescente evidencia, ó bordo da nada. "Quizais Xuan Bello, que traduciu poesía chinesa ó asturiano, decidiu seguir. Os seus recoñecidos mestres, Borges e Cunqueiro, así o fixeron.

gERMÁN SIERRA